

LISTA DE ASISTENTES

EQUIPO DE GOBERNO

Bravo Bosch, María José
Caparrini Marín, Natalia
Lantarón Caeiro, Eva
Lesmes Romero, Yolanda
Pozo Triviño, María Isabel del
Quintero Martínez, Félix
Reboreda Morillo, Susana
Reigosa Roger, Manuel Joaquín
Rodríguez Rajo, Francisco Javier
Rubio Armesto, Belén
Sánchez Moreiras, Adela María
Valderrama Santomé, Mónica

DECANOS/DIRECTORES

Álvarez González, Susana
Bajo Palacio, Ignacio
Fariña Rodríguez, José
Formella, Arno
Lorenzo González, María de las Nieves
Peña Gallego, María de los Ángeles
Pérez Rodríguez, M^a Rosa
Pérez Vázquez, María Consuelo
Río Otero, Coral del
Soto González, María Mercedes
Torres Romay, Emma

PDI-A

Anaya Revuelta, Inmaculada
Araujo Nespereira, Pedro Antonio
Arévalo Tomé, Raquel
Durán Barbosa, Rafael
López Mira, Álvaro Xosé
Montero Reguera, José Francisco
Paz Penín, María Concepción
Porteiro Fresco, Jacobo
Romo Pérez, Vicente
Rúas Araújo, José
Ruiz Hidalgo, María del Carmen
Siota Álvarez, Mónica

PDI-B

Barreiro Rodríguez-Moldes, M^a Covadonga

ESTUDANTES

González González, Jaime
Lima González, Estela
Martínez Gómez, Sandra María
Meis Solla, Iago
Piñero Vivas, Miguel Ángel
Rodríguez Pousa, Estela

PAS

González Penín, Ana Isabel
Mollinedo Lois, Carlos

CONSELLO SOCIAL

Calviño Rodríguez, Xulio
Pedrosa Silva, Ernesto

SINDICATOS

Cuevas Alonso, Miguel
García Eirín, José Manuel
Pazos Currás, Marta María

DESCULPAN A SÚA AUSENCIA

Álvarez Álvarez, María Salomé
Díaz Redondo, Rebeca P.
Lago Ferreiro, Alfonso
Larriba Leira, Elvira
López Ardao, Jose Carlos
Rodríguez Domínguez, María del Mar
Santos Grandal, Juan

Acta da sesión ordinaria do Consello de Goberno da Universidade de Vigo do 25 de xuño de 2025, convocada para ás 09:30 h. en primeira convocatoria e ás 10:00 h. en segunda, na Sala 18 do Campus Remoto da Universidade de Vigo.

Ás 10:00 do día 25 de xuño de 2025 comeza a sesión, acadado o quórum en segunda convocatoria, presidida polo reitor, na Sala 18 (Consello de Goberno) do Campus Remoto. O reitor, e mais a secretaria xeral xunto con varios membros do órgano asisten presencialmente na Sala Manolo Ramos.

Por outra banda, as persoas da comunidade universitaria poden seguila mediante un enlace a UVigo TV cun contrasinal que se lles comunica antes do comezo da mesma.

Os asuntos a tratar son os seguintes, consonte á orde do día:

1. Aprobación, se procede, da acta correspondente á sesión ordinaria do 26 de maio de 2025.
2. Informe do reitor.
3. Aprobación, se procede, da conta de liquidación do orzamento do exercicio 2024 da Universidade de Vigo, para o seu trámite no Consello Social.
4. Aprobación, se procede, dunha transferencia de crédito dende a aplicación orzamentaria 2025 IFA1 131H 625 á aplicación 2025 IFA1 131H 230 por importe de 2.000,00€.
5. Elevación, se procede, ao Consello Social da proposta de aprobación da aceptación pola Universidade de Vigo da doazón do busto do profesor D. Celso Rodríguez Fernández.
6. Aprobación, se procede, da normativa para contratar profesorado asociado na Universidade de Vigo.
7. Aprobación, se procede, da contratación de novo profesorado visitante para o curso 2025/26 a proposta do Departamento X02-Dereito Privado.
8. Aprobación, se procede, da condición de emérito ao profesor Carlos María Fernández-Jardón Fernández e da renovación como profesor emérito do profesor José Luis Legido Soto.
9. Aprobación, se procede, do Regulamento de contratación do persoal investigador, técnico e de xestión da investigación da Universidade de Vigo.
10. Aprobación, se procede, do Regulamento de recoñecemento e transferencia de créditos académicos nas titulacións oficiais de grao e de mestrado da Universidade de Vigo.
11. Aprobación, se procede, do procedemento de admisión de estudantes con estudos universitarios oficiais de grao iniciados na Universidade de Vigo ou noutra universidade española.
12. Aprobación, se procede, da concesión da medalla de ouro da Universidade de Vigo á Editorial Galaxia.
13. Aprobación, se procede, da proposta do departamento de Física Aplicada da concesión do grao de “Doutor Honoris Causa” á profesora Begoña Vila Costas.
14. Debate sobre novas titulacións.
15. Elección dun representante no Comité de Dirección da EIDO: 1 estudante do ámbito Tecnolóxico.

16. Quenda de intervencións.

1. Aprobación, se procede, da acta correspondente á sesión ordinaria do 26 de maio de 2025.

O reitor pide que se aprobe por asentimento.

Apróbase por asentimento.

2. Informe do reitor.

O reitor informa sobre os seguintes asuntos:

- Sesión de traballo co Conselleiro de Emprego para axustar as datas de preinscrición e matrícula de bolsas BEME.
- Celebráronse dúas sesións do Consello para a coordinación da docencia clínica, ademais dunha xuntanza entre os dous conselleiros implicados e os tres reitores.
- Pleno da CRUE: situación relativa a Ciencias da Actividade Física e do Deporte. Créditos ICO para vivendas de estudantes.
- Celebráronse negociacións entre os alegantes e os organizadores do INCIDE.
- No Pleno do Consello Social aprobouse por asentimento unha proposta relativa á proposta de grao en dereito na UIE.
- Consello Galego de Universidades: nova titulación de dereito na UIE. Pendentes de recurso, farémolo contando cos catro decanatos de dereito no SUG.
- Asinado Convenio CEP para microcredenciais.
- Campus Spain: periga a chegada de estudantes estranxeiros para seguir o curso do Centro de Linguas por unha modificación legal (non serve para conceder visados). Estamos traballando nunha solución.
- Homenaxe ao profesor Patricio Sánchez Bello, moi merecido.
- Celebrouse unha xornada universitaria galega en xénero.
- Presentación do Instituto de Investigación iLingua, primeiro no ámbito humanístico.
- AtlanTTic: premio á mellor tese de doutoramento.
- Asinado convenio relativo a refuxios climáticos.
- Celebrado en Vigo o acto MEGAU.
- Celebrada a primeira sesión do grupo de traballo sobre descentralización de medicina.
- Prazas de PDI, avanzando correctamente. María Goyri: 20 resoltas sen reclamación. 7 provisionadas. 14 en avaliación. 1 pendente de constitución comisión avaliación. PPL: publicadas o 15 de maio. TU: publicadas o 12 de xuño. CU: publicadas o 23 de xuño. AXD do contrato-programa: publicadas. María Goyri 2025: publicadas. O número de prazas é o maior da nosa historia, o reitor agradece o traballo da vicerreitoría e do servizo de PDI polo traballo que está a desenvolver.
- No tema de profesores asociados, estamos coas novas contratacións, e a próxima semana estarán os chamamentos de listas de agarda.

3. Aprobación, se procede, da conta de liquidación do orzamento do exercicio 2024 da Universidade de Vigo, para o seu trámite no Consello Social

O reitor cede a palabra á xerente, quen informa sobre a conta de liquidación do orzamento do exercicio 2024:

CONTAS ANUAIS

Liquidación definitiva do exercicio orzamentario 2024

Vigo, xuño 2025

Universidade de Vigo



Evolución do orzamento e as súas modificacións 2018-2024

A evolución dos orzamentos da Universidade de Vigo para o exercicio 2024 reflicte a consecución dunha estabilidade orzamentaria suficiente para garantir a actividade da Universidade.

	Evolución do orzamento e as súas modificacións 2018-2024						
	2018	2019	2020	2021	2022	2023	2024
Orzamento inicial	172.552.088 €	182.535.089 €	194.995.837 €	184.640.912 €	198.676.372 €	227.915.618 €	248.822.967 €
Modificacións orzamentarias	13.342.284 €	14.059.334 €	14.399.918 €	17.427.596 €	16.006.985 €	17.621.094 €	29.357.137 €
Orzamento definitivo	185.794.372 €	196.594.423 €	209.395.755 €	202.068.508 €	214.683.357 €	245.536.712 €	278.180.104 €

Universidade de Vigo



Evolución do índice financeiro de execución orzamentaria

Execución orzamento de ingresos							
	2018	2019	2020	2021	2022	2023	2024
Deceitro recolectados netos	161.338.140 €	165.049.892 €	167.405.507 €	180.606.571 €	193.940.510 €	216.697.215 €	217.475.166 €
Provisións definitivas	185.794.372 €	196.594.423 €	209.395.755 €	202.068.508 €	214.683.357 €	245.536.712 €	278.125.105 €
Indicador	0,9	0,8	0,8	0,9	0,9	0,9	0,8

Execución orzamento de gastos							
	2018	2019	2020	2021	2022	2023	2024
Pagos realizados	164.126.692 €	169.694.366 €	170.654.684 €	173.654.731 €	181.055.248 €	197.625.339 €	213.117.078 €
Obrigos recolectados	164.126.692 €	169.720.733 €	170.681.126 €	175.131.819 €	181.055.248 €	197.117.038 €	212.907.478 €
Indicador	1,00	1,00	1,00	0,99	1,00	1,00	1,00

CONTA ANUAL DO EXERCICIO 2024

A conta anual foi sometida a auditoría pública que comprende:

- Balance da situación a 31 de decembro de 2024
- Conta do resultado económico patrimonial
- Estado de cambios no patrimonio
- Estado de fluxos de efectivo
- Estado de liquidación do orzamento
- Memoria

O proceso de formulación e a posterior aprobación da conta consiste en:

1. Formulación polos servizos económicos da Universidade dirixidos pola Vicexerencia Económica e a Xerencia
2. Aprobación polo Consello de Goberno, de ser o caso, ou da comisión de planificación
3. Aprobación polo Consello Social xunto co Informe de auditoría, de ser o caso. En comisión e en pleno
4. Remisión á Xunta de Galicia

- Dentro das conclusións do informe da auditoría, refírense as excepcións, xa que non se dispón dun rexistro actualizado dos elementos que compoñen o inmovilizado material. Sobre isto, compre indicar que existe un plan de traballo para a súa actualización. Na actualidade a Unidade Técnica ven de poñer ao día a documentación do patrimonio. A seguinte fase será a comprobación do axeitado rexistro e, de ser o caso, a corrección, así como a comprobación da amortización dos elementos de inmovilizado material.
- Cambio de criterio contable. Petición de modificación na última sesión da Comisión Económica do Consello Social. Implicou a modificación do rexistro e a contabilización da periodización de ingresos asociados a proxectos de investigación con financiamento afectado, o que implica a alteración dos termos de comparación con exercicios anteriores. Carece de impacto no patrimonio neto da entidade.

CONCLUSIÓN DO INFORME DA AUDITORÍA

- As contas expresan todos os aspectos significativos, a imaxe fiel do patrimonio e da situación financeira da Universidade de Vigo a 31 de decembro de 2024, os seus resultados, fluxos de efectivo, e o estado de liquidación do orzamento correspondentes ao exercicio anual rematado en dita data, de conformidade co marco normativo de información financeira que resulta de aplicación e cos principios e criterios contados no mesmo
- **Salvedades:**
 - Non se dispón dun rexistro actualizado dos elementos que compoñen o inmovilizado material. Sobre isto indicar que existe un plan de traballo para a súa actualización. A data actual a unidade técnica ven poner ao día a documentación do patrimonio. A seguinte fase será a comprobación do axeitado rexistro e, de se-lo caso, corrección. Así como a comprobación da amortización dos elementos de inmovilizado material
 - Cambio do criterio contable. Petición de modificación na última sesión da Comisión Económica do Consello Social. Implicou a modificación do rexistro e contabilización da periodificación de ingresos asociados a proxectos de investigación con financiamento afectado, o que implica a alteración dos termos de comparación con exercicios anteriores. Carece de impacto no patrimonio neto da entidade.

Orzamento de Ingresos Inicial e definitivo da Universidade de Vigo 2024

O orzamento definitivo de ingresos da UVigo acadou os 278.180.104,68 €.

PARTIDA ORZAMENTARIA	CRÉDITOS ORZAMENTARIOS			DEREITOS RECOÑECIDOS NETOS (5)
	INICIALES (1)	MODIFIC. (2)	DEFINITIVOS (3=1+2)	
Denominacion do ingreso				
Cap. III. Tasas, prezos públicos e outros ingresos	14.381.222,00	251.866,40	14.633.088,40	17.370.810,86
Cap. IV. Transferencias correntes	147.085.024,00	1.284.918,11	148.369.942,11	152.876.858,95
Cap. V. Ingresos patrimoniais	605.000,00	51.554,63	656.554,63	1.324.050,91
OPERACIÓNS CORRENTES	162.071.246,00	1.588.339,14	163.659.585,14	171.571.720,71
Cap. VI. Enaxenación de Inversións reais	0,00	0,00	0,00	0,00
Cap. VII. Transferencias de capital	54.433.064,00	4.177.752,12	58.610.816,12	45.944.526,32
OPERACIÓNS DE CAPITAL	54.433.064,00	4.177.752,12	58.610.816,12	45.944.526,32
TOTAL OPERACIÓNS NON FINANCIERAS	216.504.310,00	5.766.091,26	222.270.401,26	217.516.247,03
Cap. VIII. Variación de activos financeiros	32.318.657,00	23.591.046,42	55.909.703,42	49.961,71
TOTAL OPERACIÓNS FINANCIERAS	32.318.657,00	23.591.046,42	55.909.703,42	49.961,71
TOTAL CRÉDITOS	248.822.967,00	29.357.137,68	278.180.104,68	217.566.208,74

Orzamento de gastos inicial e definitivo da Universidade de Vigo 2024

PARTIDA ORZAMENTARIA	CRÉDITOS ORZAMENTARIOS			GASTOS COMPROMETIDOS (4)	OBLIGACIÓNS RECOÑECIDAS NETAS (5)
	INICIALES (1)	MODIFIC. (2)	DEFINITIVOS (3=1+2)		
Denominacion do gasto					
Capítulo I. Gastos de persoal	143.696.798,00	111.920,63	143.808.718,63	136.099.443,28	136.076.875,14
Cap. II. Gastos correntes en bens e servizos	32.241.717,00	357.615,89	32.599.332,89	28.995.925,86	26.269.497,92
Capítulo III. Gastos financeiros	360.000,00	-21.697,30	368.302,70	345.707,29	345.707,29
Capítulo IV. Transferencias correntes	8.384.496,00	508.397,70	8.892.893,70	6.149.527,95	5.605.826,48
Capítulo V. Fondo de continencia	1.000.000,00	-95.231,99	904.768,01	0,00	0,00
TOTAL OPERACIÓNS CORRENTES	185.713.011,00	861.004,93	186.574.015,93	171.590.604,38	168.297.906,83
Capítulo VI. Inversións reais	62.439.956,00	28.496.132,75	90.936.088,75	45.231.808,44	43.969.087,41
Capítulo VII. Transferencias de capital	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00
TOTAL OPERACIÓNS DE CAPITAL	62.439.956,00	28.496.132,75	90.936.088,75	45.231.808,44	43.969.087,41
TOTAL OPERACIÓNS NON FINANCIERAS	248.152.967,00	29.357.137,68	277.510.104,68	216.822.412,82	212.266.994,24
Capítulo VIII. Activos financeiros	70.000,00	0,00	70.000,00	49.290,00	49.290,00
Capítulo IX. Pasivos financeiros	600.000,00	0,00	600.000,00	591.194,19	591.194,19
TOTAL OPERACIÓNS FINANCIERAS	670.000,00	0,00	670.000,00	640.484,19	640.484,19
TOTAL CRÉDITOS	248.822.967,00	29.357.137,68	278.180.104,68	217.462.897,01	212.907.478,43

Evolución do orzamento e as súas modificacións 2018-2024

Evolución do orzamento e as súas modificacións							
	2018	2019	2020	2021	2022	2023	2024
Orzmento inicial	172.552.088,00	182.535.089,00	194.995.837,00	184.640.912,00	198.676.372,00	227.915.618,00	248.822.967,00
Modificacións orzamentarias	13.242.284,00	14.059.334,00	14.399.918,00	17.427.596,00	16.006.985,00	17.621.093,00	29.357.137,68
Xeracións de crédito	2.091.132,00	2.653.223,00	1.800.459,00	6.541.031,00	7.749.044,00	3.559.679,52	6.001.697,79
Incorporación de remanentes	11.151.152,00	11.406.111,00	12.599.459,00	10.886.565,00	8.257.941,00	14.061.414,45	23.595.386,42
Ampliacións de crédito	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00
Reducións por anulación	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	239.946,53
Transferencias de crédito	19.428.024,00	20.344.700,00	17.986.906,00	18.828.561,00	27.482.122,00	42.505.414,72	45.267.077,38
Orzamento definitivo	185.794.372,00	196.594.423,00	209.395.755,00	202.068.508,00	214.683.357,00	245.536.711,97	278.125.104,68

Resultado orzamentario do exercicio 2024

CONCEPTOS	DEREITOS RECONECIDOS NETOS	OBRIGAS RECONECIDAS NETAS	AXUSTES	RESULTADO ORZAMENTARIO
a. Operacións correntes	171.571.720,71 €	168.297.906,83 €		3.273.813,88 €
b. Operacións de capital	45.944.526,32 €	43.969.087,41 €		1.975.438,91 €
c. Operacións comerciais				0,00 €
1. Total de operacións non financeiras (a+b+c)	217.516.247,03 €	212.266.994,24 €		5.249.252,79 €
d. Activos financeiros	49.961,71 €	49.290,00 €		671,71 €
e. Pasivos financeiros		591.194,19 €		-591.194,19 €
2. Total de operacións financeiras (d+e)	49.961,71 €	640.484,19 €		-590.522,48 €
I. RESULTADO ORZAMENTARIO DO EXERCICIO (1+2)	217.566.208,74 €	212.907.478,43 €		4.658.730,31 €
AXUSTES:				
3. Créditos gastados con cargo a remanente de tesourería non afectado			0,00 €	
4. Desviacións negativas de financiación			18.843.864,37 €	
5. Desviacións positivas de financiación			-21.737.103,93 €	
II. TOTAL AXUSTES (3+4+5)			-2.893.239,56 €	
RESULTADO ORZAMENTARIO AXUSTADO (I+II)				1.765.490,75 €

Dereitos recoñecidos 2024-2023

PARTIDA ORZAMENTARIA	DEREITOS RECOÑECIDOS NETOS 2024	DEREITOS RECOÑECIDOS NETOS 2023	DIFERENCIA	%VARIACIÓN
Denominación do ingreso				
Cap. III. Taxas, prezos públicos e outros ingresos	17.370.810,85	15.481.020,00	1.889.790,85	12%
Cap. IV. Transferencias correntes	152.876.858,95	146.734.138,00	6.142.720,95	4%
Cap. V. Ingresos patrimoniais	1.324.050,91	1.002.458,00	321.592,91	32%
OPERACIÓNS CORRENTES	171.571.720,71	163.217.616,00	8.354.104,71	5%
Cap. VI. Enaxeración de Inversións reais	0,00	26.611,00	-26.611,00	-100%
Cap. VII. Transferencias de capital	45.944.526,32	53.282.219,00	-7.337.692,68	-14%
OPERACIÓNS DE CAPITAL	45.944.526,32	53.308.830,00	-7.364.303,68	-14%
TOTAL OPERACIÓNS NON FINANCIERAS	217.516.247,03	216.526.446,00	989.801,03	0%
Cap. VIII. Variación de activos financeiros	49.961,71	170.765,00	-120.803,29	-71%
TOTAL OPERACIÓNS FINANCIERAS	49.961,71	170.765,00	-120.803,29	-71%
TOTAL CRÉDITOS	217.566.208,74	216.697.211,00	868.997,74	0%

Obrigas recoñecidas 2024-2023

PARTIDA ORZAMENTARIA	OBLIGACIÓN RECOÑECIDA \$ NETA \$ 2024	OBLIGACIÓN RECOÑECIDA \$ NETA \$ 2023	DIFERENCIA	%VARIACIÓN
Denominación do gasto				
Capítulo I. Gastos de persoal	136.076.875,14	133.132.656,00	2.944.219,14	2%
Cap. II. Gastos correntes en bens e servizos	26.269.497,92	26.211.349,00	58.148,92	0%
Capítulo III. Gastos financeiros	345.707,29	26.211.349,00	-25.865.641,71	-99%
Capítulo IV. Transferencias correntes	5.605.826,48	4.960.947,00	644.879,48	13%
Capítulo V. Fondo de contingencia	0,00	4.960.947,00	-4.960.947,00	-100%
TOTAL OPERACIÓNS CORRENTES	168.297.906,83	164.711.136,00	3.586.770,83	2%
Capítulo VI. Inversións reais	43.969.087,41	31.581.181,00	12.387.906,41	39%
Capítulo VII. Transferencias de capital	0,00	0,00	0,00	0%
TOTAL OPERACIÓNS DE CAPITAL	43.969.087,41	31.581.181,00	12.387.906,41	39%
TOTAL OPERACIÓNS NON FINANCIERAS	212.266.994,24	196.292.317,00	15.974.677,24	8%
Capítulo VIII. Activos financeiros	49.290,00	60.847,00	-11.557,00	-19%
Capítulo IX. Pasivos financeiros	591.194,19	763.870,00	-172.675,81	-23%
TOTAL OPERACIÓNS FINANCIERAS	640.484,19	824.717,00	-184.232,81	-22%
TOTAL CRÉDITOS	212.907.478,43	197.117.034,00	15.790.444,43	8%

Remanente de Tesourería

CONCEPTOS	IMPORTES EXERCICIO 2024	IMPORTES EXERCICIO 2023
1.(+) Fondos líquidos	59.196.791,86	58.211.738,03
2.(+) Dereitos pendentes de cobro	37.366.163,04	38.231.142,29
• (+) do orzamento corrente	23.546.260,66	17.966.499,62
• (+) de orzamentos pechados	2.659.796,56	3.406.977,57
• (+) de operacións non orzamentarias	11.159.106,82	16.858.665,10
3.(-) Obrigas pendentes de pagamento	8.780.695,54	10.029.915,78
• (+) Do orzamento corrente	0,00	0,00
• (+) De orzamentos pechados	0,00	0,00
• (+) De operacións non orzamentarias	7.246.044,78	8.564.908,76
• (+) Acredores pendentes de imputar ao orzamento	1.534.650,76	1.465.010,02
4.(+) Partidas pendentes de aplicación	500.080,69	499.257,90
• (-) cobros pendentes de aplicación	0,00	0,00
• (+) obrigas pendentes de aplicar ao orzamento	500.080,69	499.257,90
REMANENTE DE TESOURARÍA TOTAL (1+2-3+4)	88.281.340,05	86.912.219,44
I. Saldos de dudoso cobro	7.993.240,07	2.854.700,53
II. Exceso de financiación afectada (No 2023 Remanente de tesouraría non dispoñible)	70.169.014,45	82.045.462,90
III. Remanentes de tesouraría non afectado	10.119.085,53	2.009.056,01
REMANENTE DE TESOURARÍA TOTAL (1+2-3+4)	88.281.340,05	86.912.219,44

RESULTADO ECONÓMICO PATRIMONIAL 2024

RESULTADO ECONÓMICO PATRIMONIAL DA UNIVERSIDADE DE VIGO 2024	2024	2023
1. Ingresos tributarios e cotizacións sociais	0,00	0,00
2. Transferencias e subvencións recibidas	190.169.485,96	184.436.931,83
3. Ventas netas e prestación de servizos	13.544.983,50	15.107.597,01
4. Variación de existencias de produtos terminados e en curso de fabricación e deterioro de valor	0,00	0,00
5. Traballos realizados pola entidade para o seu inmovilizado	0,00	0,00
6. Outros ingresos de xestión ordinaria	8.947.704,69	7.434.756,67
7. Exceso de provisiones	5.438.865,58	2.177.992,44
A. TOTAL INGRESOS DE XESTIÓN ORDINARIA	218.101.839,73	209.157.277,85
8. Gastos de persoal	-154.360.518,60	-145.920.216,78
9. Transferencias e subvencións concedidas	-5.552.612,46	-4.974.034,47
10. Aprovisionamentos	0,00	0,00
11. Outros gastos de xestión ordinaria	-36.183.220,69	-34.030.580,39
12. Amortización de inmovilizado	-10.356.291,14	-9.388.227,11
B. TOTAL GASTOS DE XESTIÓN ORDINARIA	-206.452.642,89	-194.313.058,10
I. Resultado (aforo ou desaforo) da xestión ordinaria	11.648.396,84	14.844.219,10
13. Deterioro de valor e resultados por enaxeración do inmovilizado non financeiro e activos	67.979,99	-147.751,25
14. Outras partidas non ordinarias	117.780,05	135.733,95
II. Resultado das operacións non financeiras	11.834.156,90	14.832.201,80
15. Ingresos financeiros	2.543.348,97	688.217,70
16. Gastos financeiros	-233.459,59	-273.930,17
17. Gastos imputados ao activo	0,00	0,00
18. Variación do valor razoable en activos e pasivos financeiros	0,00	122.350,77
19. Diferencia do cambio	0,00	0,00
20. Deterioro do valor, baixas e enaxeracións de activos e pasivos financeiros	-495.677,69	1.234.319,00
21. Subvencións para a financiación de operacións financeiras	0,00	0,00
III. Resultado das operacións financeiras	1.914.211,69	1.690.957,30
IV. Resultado (aforo ou desaforo) neto do exercicio	13.612.408,59	16.523.159,10

BALANCE DE SITUACIÓN 2024

BALANCE DE SITUACIÓN					
ACTIVO			PASIVO		
	2024	2023		2024	2023
A) ACTIVO NON CORRENTE	217.817.460,42	212.178.193,85	A) PATRIMONIO NETO	219.311.865,49	217.160.694,89
(i) Inmovilizado intangible	4.218.631,47	3.710.330,74	I) Patrimonio	268.318.132,67	268.318.132,67
(ii) Inmovilizado material	206.346.720,90	201.691.457,89	II) Patrimonio verado	-75.242.466,52	-38.196.073,38
(iii) Inmovilizados inmobiliarios	544.357,93	551.157,93	III) Ajustes cambio de valor	0,00	0,00
(iv) Inmovilizados financieros a largo plazo en entidades del grupo, multigrupo e asociadas	0,00	0,00	IV) Otros incrementos patrimoniales pendientes de imputación a resultados	26.296.198,14	27.038.634,60
(v) Inmovilizados financieros a largo plazo	205.621,07	516.873,07	B) PASIVO NON CORRENTE	9.889.388,68	15.764.679,96
(vi) Deudores e outras contas a cobrar a longo prazo	0,00	0,00	I) Provisiones a longo prazo	8.543.087,10	13.742.115,61
B) ACTIVO CORRENTE	988.407.154,90	98.780.743,39	II) Deudas a longo prazo	1.348.301,58	2.022.564,35
(i) Activos en estado de venta	0,00	0,00	III) Deudas con entidades del grupo, multigrupo e asociadas a largo plazo	0,00	0,00
(ii) Existencias	0,00	0,00	IV) Acreedores e outras contas a pagar a longo prazo	0,00	0,00
(iii) Deudores e outras contas a cobrar	34.541.073,82	40.39517,25	V) Ajuste por periodificación a largo plazo	0,00	0,00
(iv) Inmovilizados financieros a corto plazo en entidades del grupo, multigrupo e asociados	0,00	0,00	C) PASIVO CORRENTE	86.163.361,15	38.033.563,19
(v) Inmovilizados financieros a corto plazo	669.289,22	672.504,36	I) Provisiones a corto plazo	580.309,64	1.035.640,34
(vi) Ajustes por periodificación	0,00	0,00	II) Deudas a corto plazo	882.943,34	1.141.624,34
(vi) Efectivo e outros activos líquidos equivalentes	59.196.791,86	58.014.721,78	III) Deudas con entidades del grupo, multigrupo e asociadas a corto plazo	0,00	0,00
			IV) Acreedores por operaciones de gestión	9.850.117,67	11.032.312,56
			V) Ajuste por periodificación	74.849.930,50	24.823.976,95
TOTAL ACTIVO	315.424.615,52	310.958.937,24	TOTAL PATRIMONIO NETO E PASIVO	315.424.615,52	310.958.937,24

A TESOURERÍA A 13 DE DECEMBRO DE 2024

ESTADO DE FLUXO DE EFECTIVO A 31 DE DECEMBRO DE 2024		
I. FLUXO DE EFECTIVO DAS ACTIVIDADES DE XESTIÓN		
	2024	2023
A) Cobros	218.373.154,12	223.022.327,47
B) Pagos	201.570.376,88	191.735.427,23
Fluxos netos de efectivo por actividades de gestión	16.802.777,24	31.286.900,24
II. FLUXO DE EFECTIVO DAS ACTIVIDADES DE INVERSIÓN		
C) Cobros	52.505,14	200.277,32
D) Pagos	15.680.736,06	9.323.313,31
Fluxos netos de efectivos por actividades de inversión	-15.628.230,92	-9.123.035,99
III. FLUXOS DE EFECTIVO DE ACTIVIDADES DE FINANCIAMENTO		
E) Aumentos no patrimonio	0,00	0,00
F) Pagos a entidade ou entidades propietarias	0,00	0,00
G) Cobros por emisión de pasivos financieros	8.773,22	28.183,36
H) Pagos por reembolso de pasivos financieros	7.277,30	35.592,12
Fluxos netos de efectivo por actividades de financiamiento	1.495,92	-7.408,77
I)		
IV. FLUXOS DE EFECTIVO PENDIENTES DE CLASIFICACIÓN		
Fluxos netos de efectivos pendientes de clasificación	6.027,84	-5.400.651,19
V. EFECTO DAS VARIACIONES DOS TIPOS DE CAMBIO		
VI. INCREMENTO/REDUCCIÓN NETA DO EFECTIVO E ACTIVOS LÍQUIDOS EQUIV. AO EFECTIVO		
	1.182.070,08	16.755.804,29
Efectivo e activos líquidos equivalentes ao efectivo ao inicio do exercicio	58.014.721,78	41.258.917,49
Efectivo e activos líquidos equivalentes ao efectivo ao remate do exercicio	59.196.791,86	58.014.721,78

INFORME DE AUDITORÍA OPERATIVA SOBRE PROCEDIMIENTOS DE GESTIÓN ECONÓMICA CON ESPECIAL REFERENCIA PARTICULARIZADA A LOS FONDOS MRR RECIBIDOS

QUÉ SE ANALIZA:

O informe de auditoría operativa céntrase con carácter exclusivo no proceso de xestión económico-orzamentaria da xestión dos fondos MRR.

Analizou:

- A estrutura organizativa adicada a xestión de fondos e comprobou a existencia dun área especificamente adicada a coordinar, informara e rexistrar as operacións e o sistema de análises e riscos, así como ao seguimento do gasto executado (a descrición consta no informe de auditoría)
- Constatar a trazabilidade
- Proceso de soporte da execución do gasto e documentación
- Sistemas internos de control de ingresos e gastos

Concluiu:

- Proceso de arquivo da documentación soporte do gasto, favorable
- Se carece dun detalle individualizado por proxecto da situación de avance de gasto executado fronte a ingreso periodificado

Recomenda:

- Dado que Mus resulta insuficiente, se recomenda que aparte do seu mantemento, se Adquirira un aplicativo informático que recolla a información da parte de ingresos e cobros sobre cada proxecto co obxecto de recopilar a seguinte información:
 - Código de proxecto
 - Data de inicio
 - Data final
 - Desglose de gastos e cobros por data e concepto

Obxectivo: Elaborar informes globais sobre grao de avance e situación a unha data determinada do proxecto, de cara a determinar o seu impacto nas contas anuais

Coral del Río intervéñen en nome de Nós Universidade, teñen algunhas preguntas sobre o estado do remanente de Tesourería. Na páxina 115, no documento di: “No exercicio 2024, a diferenza de exercicios anteriores, a Universidade de Vigo optou por confeccionar o cadro do remanente de tesourería con suxeición ao establecido no PGCP”, que é o que falou antes a xerente. O cambio de criterio que se produciu é porque o Consello Social pediuno, por unha norma do novo plan xeral contable. A pregunta é o motivo do cambio de criterio, que segundo entendín, o Consello Social fixo a recomendación.

A xerente di que o novo xefe do Servizo de Contabilidade foi quen se decatou de que era necesario facer doutro xeito o remanente de Tesourería, e o Consello Social o mesmo, incluíndo a periodificación do acumulado.

Coral del Río continúa lendo, que se axusta o remanente ao plan xeral de contabilidade pública, “coa excepción dos créditos que acadaran a fase de compromiso a 31 de decembro, que poderán ser incorporados ao exercicio seguinte”, preguntando se é iso do que está a falar a xerente. A xerente responde que está a falar diso. Hai debate. Coral considera que sempre que hai un cambio contable, é bo que no ano que se cambia o criterio se faga o cálculo das dúas maneiras para que poidamos presentar unha serie máis comprensible. A xerente di que se se mostra cara atrás vai estar distorsionada, e ademais o resultado ten que ser o legal e o definitivo.

Coral engade que desde Nós Universidade votarán que non, porque consideran que a evolución do remanente de libre disposición é preocupante desde 2018, froito dunha xestión moi deficiente, xa que o remanente de libre disposición nunca se facilita claramente e numericamente. Hai falta de información cando se solicita, polo que van votar que non.

Yolanda comenta que se as contas están mal formuladas pódese discrepar, pero se a conta está ben formulada, e o auditor di que o é, quere saber a tacha da formulación da conta. Debe haber unha motivación legal ou operativa polo que se poida dicir que a formulación da conta non está ben.

Intervención remitida por Jacobo Porteiro: “O pasado 24 de abril presentouse no CdG un adianto da liquidación do orzamento do exercicio 2024, no que o Reitor destacou un resultado enormemente positivo para as contas da Universidade e, de feito, así se reflectiu na documentación distribuída ese día, cunha presentación especialmente destacada en:

- Resultado orzamentario axustado: 3,67 M€
- Remanentes de tesouraría: 17,0 M€

Agora, ao presentárense as contas definitivas para tramitalas ante o Consello Social, atopámonos con cifras notablemente diferentes:

- Resultado orzamentario axustado: 1,76 M€ (case 2 M€ menos, é dicir, unha redución do 52%).

- Remanentes de tesouraría: 10,1 M€ (6,9 M€ menos, unha redución do 48%).

Continuando coa análise, atopámonos co seguinte:

- O remanente de tesouraría non dispoñible, que en abril era de 68,9 M€, agora é de 70,2 M€ (incremento de 1,3 M€).

- Os saldos de dubidoso cobro, que en abril eran de 2,66 M€, agora son 8,0 M€ (incremento de 5,3 M€).

É dicir, que en dous meses, e sen que se nos dea unha explicación convincente, "perdemos" 6,9 M€ de remanente dispoñible porque máis de 5 M€ corresponden a cartos que se nos deben e xa non prevemos cobrar, e 1,3 M€ que en realidade estaban afectados (comprometidos).

Isto suscita numerosas cuestións:

- Como é posible que a UVigo teña 8 M€ de dubidoso cobro? Para contextualizar, esta cifra supera a totalidade do orzamentado no artigo 83/60.

- Poderíase explicar que partidas, empresas ou administracións son as que xeran este dubidoso cobro?

- Será que alguén ten unha débeda moi elevada connosco e non a vai pagar? Quen sería?

- Dada a magnitude da cifra, non podemos facer algo máis para recuperala? Non é unha cantidade suficientemente elevada como para activar vías legais de cobro? Ou acaso o problema é que non se cobrarán por erros propios?

- Ou trátase dunha forma de aflorar liquidez que logo desaparece?

Probablemente, a pregunta máis directa sexa:

- Como é posible presentar un adianto de liquidación a finais de abril dun xeito triunfalista e que, dous meses despois, as contas cambien tan drasticamente?

Se como se nos dí, se presenta un cambio de criterio contable, non semella moi difícil poder calcular o impacto dese novo criterio nas balance anteriores. Sómente se nos menciona un cambio de criterio e se nos di que non se pode facer unha comparación cos exercicios anteriores... e non se nos ofrece ningunha información adicional. Non é moito pedir que se nos facilite esa comparación de esa nova interpretación aplicada a exercicios anteriores.

Finalmente, como é posible que o seguinte punto deste Consello de Goberno sexa a aprobación dun movemento de tan só 2.000 € entre partidas orzamentarias do IFCA, para o cal se achega documentación en tempo e forma, mentres aquí hai 7 M€ que cambian dun epígrafe a outro sen que se nos facilite ningunha explicación ao respecto?

Como din os ingleses: «*Penny wise, pound foolish*»; penso que esta expresión é hoxe máis aplicable ca nunca ao que estamos vendo neste CdG.

Á vista destes datos e dado que non dispoño doutra información adicional convincente, considero que debo absterme de aprobar estas contas, xa que a forma na que se presenta esta liquidación fai imposible tomar unha posición clara ao respecto”.

Intervén a continuación Vicente Romo, quen fala do remanente de libre disposición, que forma parte do remanente de tesourería. Se hai minoración, manter un remanente de libre disposición ano tras ano e non executalo, ao seu xuízo é ir en contra da eficiencia na execución dos recursos públicos. Un exemplo: como imos a pedir máis recursos de investigación e docencia se incorporamos crédito ano tras ano. Non esquezamos que o noso presuposto de ingresos provén de transferencias correntes e tamén de capital de administracións que moitas veces están endebedadas, e se pedimos mais cartos, vannos responder que primeiro executemos o que aínda temos, incorporado ano tras ano. Non executar ese remanente, se é necesario, sería unha irresponsabilidade na xestión. O presuposto da Universidade de Vigo, deste equipo e dos equipos anteriores, execútase con responsabilidade. Grazas a esta xestión, podemos presumir dunha excelente saúde financeira. Solicitar esta excesiva cautela financeira non é adecuada. Se o que se pretende é dicir que esta minoración é unha cousa anómala, entón a pregunta sería onde foron a parar os créditos do xa famoso remanente. Lembra a todos os membros do CG que tivemos que facer fronte a unha pandemia (cando el era decano), traballando con moito éxito, durante anos, nisto non enganou a ninguén. No programa do actual equipo de goberno asegurábase o baleirar a bolsa de acreditados, e este equipo de goberno así o fixo.

Carmen Ruiz lembra que nos rexemos por normas xurídicas, o remanente de créditos de libre disposición ou non libre disposición xa está comprometido porque o di a lei xeral presupostaria, e non se pode gastar noutras cousas. As resolucións do ICAC cambian, e deberíano saber os de económicas, porque cambian o criterio, estamos ante interpretacións de normas. Canto menos diñeiro haxa, mellor cumpriremos o presuposto da universidade (de acordo co dito por Vicente Romo). A universidade presta un servizo finalista, hai que executalo. Con respecto ao que dixo Porteiro, toda a execución orzamentaria de determinados créditos son anómalas, non teñen por que facerse, pero ás veces algunhas necesitan da aprobación do Consello de Goberno. Defende á Universidade de Vigo, e preocúpalle que a política se faga cando se aproban as contas, en vez de facelo cando se trae o presuposto, cando o auditor o que fai é un traballo obxectivo. Estamos en período electoral, pero temos que ser serios. Fagamos política universitaria cando aprobemos o presuposto, analizando se os créditos se gastan. Agora estamos falando de normas xurídicas. Que hai cambios de criterio, pois si, por culpa do ICAC, que cambia continuamente de criterio, Non lle importa comentar que por facer ese cambio que era necesario non pasa nada, admítase ese erro, e xa está. Non hai ánimo de enganar, nin de persistir no erro. O fundamental é que o resultado presupostario sexa equilibrado. O ideal nunha administración pública e que sexa equilibrado, 0-0.

A xerente comenta en resposta a Jacobo Porteiro, que estamos fronte a obrigas legais, cumprindo a norma do Plan Xeral Contable, publicada no BOE. O incumprimento é do parámetro de cálculo, e o lóxico e que cando se detecta se corrixa, e non persistamos no sistema anterior, que non quería enganar a ninguén, pero daban por feito que estaba ben. Está ben admitir o erro e corrixilo.

Intervén a continuación Rosa Pérez, quere que quede claro que Nós Universidade ama e defende a institución, e os seus comentarios están pensados no ben da institución, nunca en contra da institución.

Coral del Río intervén para falar do coste de oportunidade, que é que cando levas a cabo unha actividade, e ten que ver con todo o que deixas de facer ao decantarte por esa decisión. O problema é que antes había moito, agora pouco, e non lles gusta no que se gastou. Se está comezando a resolver agora, non antes, e no que se gastou, non lles gusta, e con moito amor e cariño pola institución.

O reitor fala de que houbo unha suba de recoñecementos docentes neste período e no anterior do actual equipo de goberno, non hai dúbidas sobre a lexitimidade deste equipo e das súas políticas, moi apoiado pola comunidade universitaria. As políticas en canto ao PDI, estaban escritas no programa electoral. Nos acusan de autocomplacencia nas contas, pero cando un bota a mirada atrás, e vemos que pasamos do remanente de libre disposición, de dous millóns a dez, con estes datos a visión apocalíptica non se referencia. Neste momento estamos a facer un edificio en Ourense para Aeroespacial, e podemos executar estes fondos que nos chegan da Xunta de Galicia, cun 60% de financiación por parte da Xunta e un 40% que pon a Universidade de Vigo. Outras universidades galegas non van a ser quen de poder executar estes fondos. Se o Estado o precisa poden levarse os remanentes, non temos que conservalos para toda a vida; e no caso de cambio de criterio contable, non o fai o equipo de goberno, temos un servizo que non se decatou, pero agora facemos o correcto ao coñecelo, aínda que o resultado non sexa tan positivo. Simplemente indicar que é unha cuestión técnica, pero toda a lexitimidade para exercer o voto que queiran.

Resultados da votación:

Votos a favor: 31

Votos en contra: 3

Abstencións: 2

Apróbase por maioría.

4. Aprobación, se procede, dunha transferencia de crédito dende a aplicación orzamentaria 2025 IFA1 131H 625 á aplicación 2025 IFA1 131H 230 por importe de 2.000,00€.

O reitor cede a palabra á xerente, quen explica a situación de cobertura de gastos dun profesor que ten ir a Xapón, con cargo a unha actividade de investigación, polo que ten que facerse esta transferencia de crédito.

Apróbase por asentimento.

5. Elevación, se procede, ao Consello Social da proposta de aprobación da aceptación pola Universidade de Vigo da doazón do busto do profesor D. Celso Rodríguez Fernández.

O reitor fala da doazón dun busto do profesor D. Celso Rodríguez Fernández, xa que foi un profesor que marcou un xeito de facer as cousas dende os inicios da Universidade de Vigo, e o que temos é que aprobar esta doazón. O decano confirma que xa teñen un oco para colocar o busto.

Intervén Rosa Pérez para dicir que foi alumna e compañeira de Celso, e quere saber se non se aceptase este busto, que pasaría. Parécelle algo moi delicado pero existe algún criterio para isto.

O reitor comenta que non hai normas para isto, e o que hai é un dobre filtro, primeiro a facultade e despois a Reitoría, antes de traelo aquí. Se tomarían as medidas correspondentes para que non chegase aquí. Tamén o Consello de Goberno podería dicir que non.

Coral del Río fala no seu nome, non en nome de Nós Universidade, debería facer un regulamento, e non votar isto aquí.

O decano da Facultade de Filoloxía e Tradución comenta que a primeira doazón que recibiu foi a do busto de D. Celso, despois de analizar o procedemento a seguir. D. Celso Rodríguez Fernández foi catedrático de Lingua latina dende o comezo da Universidade de Vigo.

Inmaculada Anaya súmase as palabras do decano, para dicir que foi secretaria con D. Celso, e cre que merece este busto, non ve razóns para negar esta doazón.

O reitor intervéñe para dicir que non procede adialo.

Coral quere que conste en acta que, xa que non escoitou nada de que isto sexa urxente, se elabore unha normativa específica, e non se vote.

Emma Torres fala de que reciben moitas doazóns, están traballando para unha musealización dunha colección de equipos audiovisuais, que nace de doazóns. Non lle gusta que se cuestione o criterio dos centros á hora de recibir as doazóns. O centro é o gardián dos bens que se reciben na doazón.

O reitor di que non habería ningún problema para intentar buscar un procedemento acaído, pero non ve motivos para adiar esta doazón a un dos fundadores desta universidade.

Rosa Pérez non está poñendo en dúbida o criterio do equipo decanal, o que quere dicir e que non é unha doazón calquera, senón unha doazón con carácter simbólico.

Miguel Cuevas, tendo en conta de quen se trata, comenta que levamos aceptando doazóns dende que a Universidade é CUVI, e entende que non hai evidencia ningunha de que haxa argumento contra o labor desta persoa. Non ve ningún problema en aceptar doazóns deste tipo.

Resultado da votación:

Votos a favor: 33

Votos en contra: 1

Abstencións: 3

Apróbase por maioría.

6. Aprobación, se procede, da normativa para contratar profesorado asociado na Universidade de Vigo.

O reitor cede a palabra á vicerreitora de Profesorado e Ordenación Académica, quen informa sobre a citada normativa:

Normativa para contratar profesorado asociado

Preámbulo

De acordo co establecido na Lei orgánica 2/2023, do 22 de marzo, do sistema universitario (LOSU), o profesorado asociado desempeña un papel fundamental na universidade española, achegando a súa experiencia profesional ao ámbito académico e enriquecendo a formación do estudantado cunha perspectiva aplicada e actualizada. Na Universidade de Vigo, recoñécese explicitamente a contribución esencial do profesorado asociado na calidade da docencia e a transferencia do coñecemento da empresa á universidade.

Por todo o antedito, a presente normativa ten como finalidade regular o acceso do profesorado asociado na Universidade de Vigo, asegurando o cumprimento da LOSU.

Normativa para contratar profesorado asociado

Artigo 1. Obxecto

- a) Os concursos para acceder a prazas de profesorado asociado rexeranse polo disposto na Lei orgánica 2/2023, do 22 de marzo, do sistema universitario, o convenio colectivo do PDI laboral vixente e os Estatutos da Universidade de Vigo, así como polas bases das respectivas convocatorias e demais normas de carácter xeral que resulten de aplicación.
- b) A finalidade do contrato será desenvolver tarefas docentes que lle permitan ao profesorado asociado achegar os seus coñecementos e experiencia profesional á universidade nas materias nas que esta experiencia resulte relevante.
- c) O profesorado asociado poderá desenvolver tarefas docentes ata un máximo de 120 horas lectivas por curso académico.

Normativa para contratar profesorado asociado

- d) Así mesmo, no marco de materias incluídas nas PDA dos graos e dos mestrados, en casos excepcionais e coa autorización previa do consello do centro correspondente, o profesorado asociado poderá supervisar de xeito voluntario TFG e TFM se teñen relación directa coas materias incluídas no seu contrato, ata un máximo de TFG/TFM correspondentes a 16 horas de recoñecemento.
- e) O profesorado asociado só poderá cosupervisar TFG e TFM que non teñan relación directa coas materias que imparten, participar en proxectos de investigación, pertencer a grupos de investigación ou desenvolver outras actividades de investigación, divulgación e/ou transferencia sempre que o fagan como membros externos, coa afiliación da súa actividade profesional principal.
- f) O desempeño de funcións estruturais de xestión e de coordinación, como cargos académicos, participación nos tribunais de TFG, TFM, ou nas comisións de selección de profesorado universitario, entre outras, non poderán ser desenvolvidas polo profesorado asociado.

Normativa para contratar profesorado asociado

Artigo 2. Requisitos xerais

- a) As persoas candidatas acreditarán o coñecemento de polo menos unha das dúas linguas oficiais da Universidade de Vigo no momento da saída a concurso da praza, de conformidade co establecido na lexislación vixente e cos seguintes efectos:

As persoas candidatas acreditarán un coñecemento suficiente do español como lingua estranxeira de nivel B2 ou superior, mediante algún dos certificados incluídos na táboa de acreditacións aceptadas pola Asociación de Centros de Linguas no Ensino Superior (ACLES). Estarán eximidas deste requisito as persoas que sexan nacionais de estados que teñen o español como lingua oficial.

A acreditación do coñecemento do idioma galego farase consonte a normativa autonómica aplicable mediante un certificado Celga 3 (ou equivalente) ou superior.

Normativa para contratar profesorado asociado

- b) Excepcionalmente, a pedimento dos departamentos e por razóns académicas debidamente xustificadas, poderá esixirse unha titulación específica nos termos que se establezan na convocatoria, ou ben o coñecemento acreditado das linguas que se precisen para impartir a materia.
- c) As persoas candidatas deberán reunir o resto dos requisitos xerais para acceder ao emprego público, regulados nos artigos 56 e 57 do Estatuto básico do empregado público (EBEP).

Normativa para contratar profesorado asociado

Artigo 3. Requisitos específicos

- a) Ser especialista ou profesional de recoñecida competencia nos contidos da(s) materia(s) para a(s) cal(es) se está a contratar.
- b) Contar coa titulación esixida para a praza obxecto do concurso.
- c) Estar a exercer, no prazo de presentación de solicitudes, a súa actividade profesional principal remunerada fóra do ámbito académico universitario nos contidos da(s) materia(s) para a(s) cal(es) se está a contratar. Este requisito deberá manterse durante o tempo de vixencia do contrato.

Normativa para contratar profesorado asociado

- b) Ter unha experiencia profesional fóra do ámbito académico universitario durante un período mínimo de **tres anos dentro dos cinco últimos anteriores á data de finalización do prazo de presentación de solicitudes nos contidos da(s) materia(s) para a(s) cal(es) se está a contratar**. Esta experiencia profesional deberá ser posterior á data de expedición do título académico esixido na praza correspondente. Non se considerarán como experiencia profesional para estes efectos os servizos prestados en programas predoutorais ou posdoutorais, agás os de doutoramentos industriais, así como mediante contratos por obra ou servizo determinado para o desenvolvemento de proxectos específicos de investigación.
- c) Outros que resulten necesarios a xuízo do consello de departamento.

Normativa para contratar profesorado asociado

Artigo 4. Valoración dos méritos

Os méritos, presentados segundo o CV normalizado completo (CVN-FECYT) serán avaliados pola comisión específica de área (CEA) designada polo respectivo consello de departamento. Esta comisión estará composta por tres docentes titulares e tres suplentes da mesma área de coñecemento ou de áreas afíns á que estea adscrita a praza, respectando a paridade e cunha categoría e dedicación superior á citada praza. As persoas solicitantes xustificarán no CVN-FECYT a adecuación da súa experiencia docente, investigadora e laboral á praza obxecto de concurso. A CEA someterase na súa actuación ao previsto na Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas, e na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

Normativa para contratar profesorado asociado

1. Formará parte das comisións de selección unha persoa representante do persoal traballador, con voz e sen voto, se así o solicita a propia representación sindical ou a comisión, sempre e cando este requirimento se faga antes da constitución desta. **No caso de que algunha das persoas candidatas considere necesaria a presenza dun representante sindical, poderá requirila en calquera momento ao longo do desenvolvemento da praza.**
2. A comisión poderá actuar coa participación de dous membros con voz e voto. Requirirase sempre a presenza da persoa que a presida e de quen ocupe a secretaría ou, no seu caso, das persoas que as substitúan. No caso de ausencia da persoa que exerza a presidencia, esta será substituída polo membro da comisión de maior categoría, antigüidade e idade, por esta orde.

Normativa para contratar profesorado asociado

3. **O baremo para cualificar os méritos será o establecido no anexo i.**
4. **Os criterios de valoración de méritos poderán ser matizados polas comisións de selección** para valorar ou cuantificar os méritos con maior detalle. De existir calquera incompatibilidade entre os criterios de valoración da CEA e o baremo do anexo i, ou se os criterios non fosen establecidos, prevalecerá o baremo sobre os criterios. En todo caso, a CEA estará obrigada a establecer en detalle os criterios específicos que se utilizarán para valorar a experiencia profesional.

Normativa para contratar profesorado asociado

5. Tras recibir a documentación das persoas aspirantes admitidas, a CEA disporá dun prazo de 10 días hábiles para avaliar os seus méritos. Unha vez avaliados, a CEA disporá de 10 días hábiles para facer as entrevistas e propoñer a adxudicación da(s) praza(s). A comisión adoptará os seus acordos por maioría de membros presentes e, no caso de empate, decidirá o voto de quen exerza a presidencia.
6. A CEA valorará exclusivamente os méritos alegados no currículo e que estean xustificadas na forma que se estableza na convocatoria. Non se valorarán os méritos que non figuren no CVN-FECYT.

Normativa para contratar profesorado asociado

7. Unha vez avaliados os méritos das persoas candidatas, a comisión adoptará un acordo que constará de:
 - a) Puntuacións detalladas de todas as persoas candidatas en cada un dos apartados e subapartados do baremo.
 - b) Relación de todas as persoas candidatas ordenada pola puntuación total.
 - c) Proposta de provisión da praza por orde de prelación, indicando as persoas consideradas idóneas para seren contratadas, as cales poderán ser propostas no caso de fallo da persoa elixida durante o curso académico vixente.
 - d) A comisión poderá acordar a non provisión da praza motivando esta decisión.

Normativa para contratar profesorado asociado

8. A expresión da puntuación total e a súa desagregación para cada apartado servirán de motivación á proposta de adxudicación. Esta proposta, xunto coa documentación de cada concursante, enviaráselle ao Servizo de Persoal Docente e Investigador.
9. De producirse demoras inxustificadas na tramitación do concurso dunha praza imputables á CEA das que se poidan derivar non só responsabilidades por deficiente funcionamento, senón tamén claros prexuízos para a docencia e a atención ao alumnado, así apreciados pola comisión de reclamacións de profesorado contratado (CRPC), esta poderá solicitarlle ao reitor a designación dunha comisión de persoas expertas que relevará das súas actuacións a CEA e acordará unha nova proposta de adxudicación.

Normativa para contratar profesorado asociado

Artigo 5. Contratos e obrigas

1. O contrato será de carácter indefinido cunha dedicación a tempo parcial (máximo 120 horas), sen que a súa convocatoria estea suxeita á taxa de reposición, e **estará suxeito á impartición de materias específicas, que poderán ser materias básicas cando a citada necesidade estea debidamente motivada.** A súa contratación non fará parte da oferta de emprego público (OEP) nin dos instrumentos de xestión das necesidades de persoal á que se refire o art. 70 do texto refundido da Lei do EBEP. A prestación de servizos e, polo tanto, a devindicación das retribucións asignadas ao posto obtido iniciárase na data en que se asinen os contratos, agás que neles se dispoña outra cousa, sen que en ningún caso poidan ter efectos retroactivos.

Normativa para contratar profesorado asociado

2. O período de proba será de seis meses e considerárase superado sempre que non conste ningunha obxección contraria dentro do citado prazo por parte do consello de departamento, o cal, **no caso de avaliación desfavorable, emitirá un informe fundamentado segundo as notificacións do(s) centro(s) implicado(s) e os criterios fixados no manual de Docencia. O citado informe será resolto pola COAP, quen escoitará a todas as partes implicadas.**
3. Quen teña adxudicada a praza terá vinculación exclusiva a esa actividade docente e verase limitada a competencia da Universidade de Vigo para asignarlle outras obrigas docentes.

Normativa para contratar profesorado asociado

4. O consello de departamento poderá modificar, nos cursos académicos posteriores ao do inicio do contrato do profesorado asociado, a distribución ou o incremento horario entre as materias **para as cales estea contratado**, sempre que sexa por necesidades docentes, non se mude a categoría, e se respecten as materias polas cales está contratado o profesorado asociado.
5. Os centros facilitarán, na medida do posible, que os horarios das materias impartidas polo profesorado asociado sexan compatibles coa actividade profesional deste.

Normativa para contratar profesorado asociado

6. **Será causa obxectiva de extinción do contrato a perda sobrevida de calquera dos requisitos específicos ou xerais.** No suposto do cesamento da actividade principal, a finalización do contrato producirase unha vez que remate o curso académico no que se desenvolve a actividade docente.

O contrato tamén se verá extinguido cando o departamento conte con persoal de recoñecida traxectoria na(s) materia(s) pola(s) que estea contratado o profesorado asociado. No caso de que se solicite a extinción do contrato, esta ten que estar suficientemente motivada, segundo os criterios do punto 2 deste mesmo artigo, e será avaliada pola COAP, quen escoitará a todas as partes implicadas

ANEXO I. Baremo de avaliación

ANEXO I. BAREMO DE AVALIACIÓN

As puntuacións ponderaranse de acordo co seguinte cadro de porcentaxes:

	Porcentaxe
1. Titulación	5
2. Experiencia investigadora e de transferencia	8
3. Experiencia docente	12
4. Experiencia profesional	60
5. Entrevista persoal	10
6. Outros méritos	5

- Ningún mérito poderá ser valorado en máis dun subapartado.
- Cada un dos seis apartados do baremo puntuarase cun límite máximo de 10 puntos.
- Se nalgún dos apartados ou subapartados a suma da puntuación dunha persoa candidata supera o límite establecido, a que consiga o máximo terá a puntuación límite e para as restantes calcularase de xeito proporcional.

ANEXO I. Baremo de avaliación

1. TITULACIÓN/FORMACIÓN ACADÉMICA

Puntuación máxima no caso de correspondencia coas materias obxecto de concurso: 5 % da puntuación total.

- a) Expediente académico do título de licenciatura, grao, enxeñaría, arquitectura ou equivalente (nota media do expediente calculada conforme ao criterio común establecido polo Ministerio en materia de universidades)

Matriculación de honra	4
Sobresaliente	3
Notable	2
Aprobado	1

- b) Título de mestrado ou tese de licenciatura (no caso de licenciaturas consideradas equivalentes a mestrados terase en conta a nota media obtida no título de licenciado/a, enxeñeiro/a, arquitecto/a etc.)

Sobresaliente	1
Notable	0,66
Aprobado	0,33

- c) Premio extraordinario de mestrado ou licenciatura: 0,5

- d) Tese de doutoramento

Matriculación de honra	2
Sobresaliente	1
Notable	0,5
Aprobado	0,25

- f) Premio extraordinario de doutoramento: 0,5

ANEXO I. Baremo de avaliación

2. EXPERIENCIA INVESTIGADORA E DE TRANSFERENCIA

Valorarase a actividade investigadora e de transferencia relacionada coas materias obxecto do concurso ata un máximo do 8 % da puntuación total.

- Publicacións: libros, capítulos de libros, artigos científicos, ferramentas validadas de investigación social, exposicións individuais e colectivas, traducións, produción musical, produción literaria etc. (ata un máximo de 8 puntos).
- Relatorios e comunicacións en congresos, simposios, xornadas, elaboración de catálogos etc. (ata un máximo de 2 puntos).
- Dirección de teses de doutoramento (ata un máximo de 5 puntos).
- Participación xustificada en proxectos de investigación subvencionados en convocatorias oficiais, outros proxectos de I+D en empresas ou na institución (ata un máximo de 5 puntos).
- Estadías debidamente acreditadas noutros centros de investigación (ata un máximo de 2 puntos).
- Bolsas de investigación, con acreditación oficial (FPI, predoutorais e homologados): 0,125 puntos por cada ano de gozo da bolsa (ata un máximo de 0,5 puntos).
- Patentes, rexistros da propiedade, atlas, corpus, enciclopedias e dicionarios de nova fábrica/planta (ata 8 puntos).
- Divulgación: conferencias, xornadas, obradoiros, proxectos de divulgación etc. (ata un máximo de 2 puntos).
- Outros méritos de investigación ou de transferencia: membros do consello de redacción de revistas, bolsas de investigación de organismos privados, premios de investigación, pertenza a sociedades científicas etc. (ata un máximo de 1 punto).

ANEXO I. Baremo de avaliación

3. EXPERIENCIA DOCENTE

Valorarase a actividade docente relacionada coas materias obxecto do concurso ata un máximo do 12 % da puntuación total.

- a) Docencia universitaria a tempo completo (TC)
 - 2 puntos por cada curso de docencia en réxime de dedicación a tempo completo.
 - a) Docencia universitaria a tempo parcial (TP)
 - I. 1,5 puntos por cada curso en réxime de dedicación a tempo parcial P6 (180 h).
 - II. 1,25 puntos por cada curso en réxime de dedicación a tempo parcial P5 (150 h).
 - III. 1 punto por cada curso en réxime de dedicación a tempo parcial P4 (120 h).
 - IV. 0,75 puntos por cada curso en réxime de dedicación a tempo parcial P3 (90 h).
 - b) Docencia non universitaria (no caso de que a comisión específica da área acorde considerar esta actividade como experiencia profesional, non se valorará neste apartado):
 - I. 0,50 puntos por cada curso de docencia en réxime de dedicación a TC.
 - II. 0,25 puntos por cada curso de docencia en réxime de dedicación a TP.
- Nos casos de docencia inferiores a un ano ratearase a puntuación.
- a) Acreditación de formación pedagóxica regulamentada: ata 1 punto.
 - b) Supervisión de TFG/TFM ou similares: 0,2 puntos por traballo supervisado ata o máximo de 1 punto.
 - c) Cursos de formación docente recibidos: 0,2 puntos por cada 100 h de docencia recibida, ata o máximo de 1 punto.
 - d) Cursos de formación docente impartidos: 0,2 puntos por cada 20 h de docencia impartida, ata o máximo de 1 punto.
 - e) Participación en proxectos de innovación docente: 0,2 puntos, ata o máximo de 1 punto.
 - f) Outros méritos docentes ata o máximo de 1 punto.

ANEXO I. Baremo de avaliación

4. EXPERIENCIA PROFESIONAL

Valorarase a actividade profesional relacionada coas materias obxecto do concurso ata un máximo do 60 % da puntuación total.

- Actividade profesional: ata 2 puntos por ano. No caso de contratos a tempo parcial ou por períodos inferiores a un ano procederase ao rateo da puntuación.

A comisión deberá motivar adecuadamente os criterios da experiencia profesional valorada.

5. ENTREVISTA PERSOAL

A entrevista persoal poderá levarse a cabo de xeito virtual ou presencial e terá como principal obxectivo que a persoa candidata relacione os méritos presentados no currículo coas materias obxecto de concurso. A duración da entrevista non poderá exceder os 30 minutos, e nela a persoa candidata explicará cal é a achega da súa experiencia ás materias obxecto do concurso e como trasladará a citada experiencia á aula.

A data da entrevista será fixada pola CEA tendo en conta as limitacións horarias das persoas candidatas.

A entrevista terá unha valoración, por parte da comisión, de ata un 10 % da puntuación total.

6. OUTROS MÉRITOS

Valoraranse outros méritos relacionados coas materias obxecto do concurso ata un 5 % da puntuación total. Cada mérito alegado non poderá ser valorado con máis de 2 puntos.

Neste subapartado valorarase necesariamente o coñecemento da lingua galega, agás que polo perfil da praza teña que ser valorado noutro subapartado.

Miguel Cuevas intervén para agradecer o labor para facer esta normativa, fóra xa de todo punto, fóra de leis que non estabamos a cumprir, e quere agradecer o ton para elaborar esta norma. Seguramente haberá que modificala no futuro, pero da seguridade xurídica ás persoas que se presentan e obteñen as prazas de profesor asociado. Como en todas as negociacións, houbo algún atranco, pero o ton foi moi bo.

O reitor di que tamén formaba parte negociar e chegar a acordos, e agradece aos representantes lexítimos dos traballadores o esforzo realizado. Entrará en vigor o día seguinte a súa publicación no taboleiro electrónico da Universidade de Vigo.

Apróbase por asentimento.

7. Aprobación, se procede, da contratación de novo profesorado visitante para o curso 2025/26 a proposta do Departamento X02-Dereito Privado

O reitor cede a palabra á vicerreitora de Profesorado e Ordenación Académica, quen presenta unha proposta do Departamento de Dereito Privado para un profesor visitante:

Contratación de novo profesorado visitante.

Contratación de novo Profesorado Visitante

Código da praza: V15-240-CC-X02-A0165-V-438

Datos da persoa proposta

Nome:	Ignacio Labra Saiz
NIF:	F47332718

Encargo docente

Departamento:	X02 - Dereito privado
Área de colocamento:	AC05 - Dereito mercantil
Categoría:	V15
Período de contratación:	OC
Dedicación (horas):	240,0

Titulación	Materie	Curs	Grupo	Idiomas	Horas
[1135-11481] Grao en Administración e Dirección de Empresas	[1147] Dereito do comercio internacional	1ª	101P (Prácticas)	es, gl	27,5
[1135-11481] Grao en Administración e Dirección de Empresas	[1147] Dereito do comercio internacional	2ª	102P (Prácticas)	es, gl	27,5
[1135-11481] Grao en Administración e Dirección de Empresas	[1147] Dereito do comercio internacional	3ª	103P (Prácticas)	es, gl	27,5
[1135-11481] Grao en Administración e Dirección de Empresas	[1147] Dereito do comercio internacional	4ª	104P (Prácticas)	es, gl	27,5

[1134-11462] Grao en Economía	[10114] Dereito mercantil	1ª	101P (Prácticas)	es, gl	27,5
[1135-11477] Grao en Relacións Laborais e Recursos Humanos	[10905] Dereito mercantil	1ª	11 (Teoría)	es, gl	13,5
[1135-11477] Grao en Relacións Laborais e Recursos Humanos	[10905] Dereito mercantil	2ª	102P (Prácticas)	es, gl	15,0
[1135-11477] Grao en Relacións Laborais e Recursos Humanos	[10905] Dereito mercantil	3ª	103P (Prácticas)	es, gl	15,0
[1135-11477] Grao en Relacións Laborais e Recursos Humanos	[10905] Dereito mercantil	4ª	104P (Prácticas)	es, gl	15,0
[1134-11462] Grao en Economía	[10114] Dereito mercantil	2ª	102P (Prácticas)	es, gl	27,5
[1134-11462] Grao en Economía	[10114] Dereito mercantil	3ª	103P (Prácticas)	es, gl	27,5
[1134-11462] Grao en Economía	[10114] Dereito mercantil	4ª	104P (Prácticas)	es, gl	27,5

Documento firmado por MARTINEZ HENRÍQUEZ ELIZABETH - **1301** el 09/06/2025 con un certificado emitido por AC PRONT Umartum

Contratación de novo profesorado visitante.

CONTRATO DE PRESTACIÓN DE SERVICIOS PROFESIONALES

En Santiago, a 1 de marzo de 2025, entre UNIVERSIDAD ANDRÉS BELLO, RUT 71.546.066-2, Corporación de Derecho Privado de Educación Superior, en adelante simplemente "Universidad", por una parte, representada por los apoderados que se indican al final de este contrato, todos con domicilio en República #252, por una parte, y por la otra el/los **IGNACIO A. LABRA SALLDÍAS**, D. N. 8027074, de profesión, con domicilio en SAN ELEJERO 1331, comuna de NUNDOA, de la ciudad de SANTIAGO, y con residencia en la misma, en adelante indistintamente "Docente" o "Profesional", se acuerda el siguiente contrato de prestación de servicios profesionales:

PRIMERO: La Universidad contrata al/la Profesional a fin de que imparta los conocimientos propios de su profesión relativos a la asignatura denominada **NEGOCIO JURÍDICO Y TEORÍA GENE**, perteneciente a la Carrera/Programa de **DERECHO COMERCIAL**, **Bachillería**, dependiente de **FACULTAD DE DERECHO**, de la Universidad Andrés Bello.

SEGUNDO: En atención a que la persona del/los la/s docente es/son el motivo determinante de esta contratación, aquél/los deberá/án imparte en clase y realizar las evaluaciones pertinentes en forma personal.

TERCERO: La Universidad imparte sus asignaturas y realiza evaluaciones ajustadas a programas y planes, eventualmente autorizados previamente por un ente fiscalizador o acreditador. Luego, el/los Profesional se obliga a realizar el o los cursos señalados en este instrumento, dando, a lo menos, tiempo y oportuno cumplimiento a dichos planes y programas, los cuales el/los docente declara conocer. En el evento de que existan modificaciones en los programas o evaluaciones, estas serán oportunamente comunicadas al/la Profesional a través de la dirección de la escuela respectiva. Del mismo modo el/los Profesional, a solicitud de la Universidad, al final de cada período académico, emitirá un informe de su gestión, en el cual expresará las sugerencias que le merezca el programa, adiciones, supresiones o modificaciones, la bibliografía que considere complementaria de las asignaturas y demás materias que estime necesario modificar, agregar o suprimir.

El/los Profesional tendrá la más amplia libertad para el tratamiento de las materias comprendidas en las asignaturas que imparte, salvo aquellas indicadas en el programa, como las adiciones o complementos que considere pertinente analizar. Esa libertad se extenderá también para las evaluaciones adicionales que el/los profesional estime necesarias.

Al inicio de cada semestre, el/los Profesional se coordinará con la Dirección de la Escuela respectiva, para fijar los horarios y determinar los lugares en que se impartirá las asignaturas, programación que en todo caso dependerá de las disponibilidades de aulas y de infraestructura de la Universidad. Sin perjuicio de lo anterior, dicha programación inicial podrá ser alterada de acuerdo con las circunstancias subsecuentes que impliquen o hagan riesgos según considerarlo, caso en el cual la Universidad pondrá a disposición del/los la/s profesional, según los recursos existentes, como lugares en los que se impartirá la docencia, dentro de la misma ciudad, lo que será informado previamente al Profesional, pudiendo fijar nuevos horarios de acuerdo a la infraestructura disponible y las posibilidades de operación.

Adicionalmente, la Universidad, en los casos señalados en el párrafo anterior, podrá determinar que la docencia se dé realizando de manera no presencial, o decir, modalidad de impartición ON LINE, permitiendo a disposición del/los profesional los accesos y permisos para que la docencia sea impartida de manera remota a través de la red Internet, incluyendo las evaluaciones de rigor, de modo tal que el/los Profesional pueda seguir desarrollando sus actividades en línea, con la convicción de su propio computador. En este caso, el/los Docente programará sus sesiones de acuerdo a las adecuaciones que imparta la unidad académica, de manera de lograr los objetivos del mismo.

Cuando la docencia se imparta a distancia y la determine la Universidad a través de la dirección de la unidad académica respectiva, el/los profesional deberá registrar sus clases en video, con el programa que se utilice para impartir la docencia a distancia o uno que permita registrarlas, y las dejará a disposición de los alumnos al menos por todo el tiempo que dure el período académico en que se da el curso respectivo. El/los docente cede en este acto a la Universidad el derecho de propiedad intelectual sobre sus clases grabadas, las que podrá almacenar en otros o servidores de la Universidad y exhibirlas a los alumnos de los respectivos cursos a que se refiere este instrumento solo por el tiempo que dure dicho curso y hasta el momento en que se realice la última de las evaluaciones finales del mismo.

MEMORIA DEL CANDIDATO IGNACIO LABRA SALLDÍAS

1. Trayectoria académica y profesional

Ignacio Labra Saldías es Licenciado en Ciencias Sociales y Jurídicas por la Universidad Diego Portales (Chile), Máster en Derecho Civil Patrimonial por la misma universidad y en Derecho Privado por la Universidad de los Andes (Chile). Desde su etapa de formación universitaria, ha mantenido un estrecho vínculo con la vida académica y universitaria. Entre 2013 y 2017 fue uno de los miembros fundadores de la Academia de Derecho del Consumidor (ADECO) de la Universidad Diego Portales, desempeñándose como director del área de cláusulas abusivas.

En esta misma etapa colaboró como asistente en los departamentos de Derecho Civil y Derecho Comercial, lo que le permitió iniciarse tempranamente en la docencia universitaria. Esta vocación se consolidó con una trayectoria sostenida de más de siete años como profesor de pregrado y posgrado en diversas universidades chilenas, incluyendo la Universidad de los Andes, la Universidad Alberto Hurtado y la Universidad Andrés Bello. Ha impartido asignaturas en áreas como derecho civil (obligaciones, responsabilidad civil, familia), derecho comercial (contratos mercantiles, consentimiento y firma electrónica, comercio electrónico) y derecho del consumidor. También ha dirigido trabajos de titulación y diseñado programas de formación en competencias teóricas y prácticas, con una metodología participativa.

2. Trayectoria investigadora

La trayectoria investigadora de Ignacio Labra Saldías se ha desarrollado en el marco del derecho del consumidor, el derecho contractual y la regulación económica. Su trabajo refleja una aproximación sistemática a los desafíos contemporáneos que enfrentan las consumiciones en contextos complejos: tecnologías emergentes, mercados financieros, contratos por adhesión y mecanismos de resolución de conflictos. Su producción científica se organiza en torno a los siguientes ejes temáticos:

A. Derecho del consumidor y economía digital: influencers y plataformas

B. Comentarios a la Ley de Protección de los Derechos de los Consumidores (Chile)

C. Mecanismos alternativos de resolución y distribución de conflictos de consumo

D. Contratos financieros y relaciones de consumo

E. Derecho civil general y relaciones contractuales

F. Reseñas, columnas y publicaciones de extensión jurídica

3. Experiencia internacional y contribución prevista como profesor visitante

Universidade de Vigo



Apróbase por asentimiento.

8. Aprobación, se procede, da condición de emérito ao profesor Carlos María Fernández-Jardón Fernández e da renovación como profesor emérito do profesor José Luis Legido Soto.

O reitor cede a palabra á vicerreitora de Profesorado e Ordenación Académica, quen sinala que foron aprobados na COAP os dous casos:

Concesión da condición de emérito ao profesor Fernández-Jardón Fernández

PLAN DE TRABAJO PARA LOS PRÓXIMOS AÑOS

INTRODUCCIÓN

El objetivo de esta propuesta consiste en señalar cuáles son las líneas de actuación que se llevarán a cabo durante los dos próximos años en el caso de conseguir la concesión de profesor emérito.

El hilo común de las actividades a desarrollar es la investigación desde la teoría del capital intelectual, y en particular de su combinación con el desarrollo comunitario. Dichas líneas de actuación abarcan investigación, transferencia y docencia vinculada a la investigación.

Esta línea de investigación se desarrollaría en tres campos interrelacionados: la gestión de montes comunales, la integración comunitaria en las dinámicas transfronterizas y la gestión de empresas de subsistencia. Se completa con la codirección actual de dos tesis doctorales, también desde la teoría del capital intelectual.

La línea de investigación consta, por tanto, de estas tres acciones, con una fuerte vinculación entre ellas. Tienen en común el análisis conceptual desde la teoría del capital intelectual, estudios lógicos de comportamiento de comunidades humanas y buscan la generación de una utilidad social.

Complementariamente a la investigación y transferencia prevista, se espera llevar a cabo aspectos docentes que apoyen esas líneas, bien a través de docencia orientada al doctorado, completando las tesis doctorales que aún están en proceso y colaborando en docencia de doctorado con otras universidades, o bien manteniendo la docencia en Innovación y sociedad en el máster de economía, para dotar a los alumnos de instrumentos que les permitan desarrollar sus capacidades en trabajos orientados hacia los aspectos de investigación previamente definidos.

O Consello de Departamento de Economía Aplicada, celebrado o 6 de febreiro de 2025, aprobou unha proposta favorable para o nomeamento do profesor Carlos María Fernández-Jardón Fernández para a súa contratación como profesor emérito.

A decisión adoptada no consello baseouse nos servizos prestados polo interesado á Universidade de Vigo e no desexo, formulado polo profesor Fernández-Jardón Fernández, de poder continuar coa dirección das dúas teses de doutoramento que actualmente ten en curso, e cos diferentes traballos de investigación que ten en coautoría con varios investigadores desta e doutras universidades, tal e como se recolle no seu plan de traballo.

Achégase o e-mail coa solicitude, o curriculum vitae do interesado, así como o seu plan de traballo.

Saúdos,

Coral del Río Otero
Directora do Dpto de Economía Aplicada

PD. Prégase confirmen a correcta recepción deste correo.

Coral del Río Otero
Dpto. Economía Aplicada
Universidade de Vigo
web: <http://crlr.webs.uvigo.es/>

Universidade de Vigo



Prórroga da condición de emérito ao profesor Legido Soto

PLAN DE TRABAJO DE JOSÉ LUIS LEGIDO SOTO 2025-2027

PARA SOLICITUD DE RENOVACIÓN DE PROFESOR EMÉRITO

El plan de trabajo para desarrollar durante la renovación en el tiempo en el que figure como profesor emérito en la Universidade de Vigo se centrará en tres aspectos fundamentales: Investigación, Docencia y Transferencia.

La investigación se centrará en la caracterización termofísica de materiales complejos para usos industriales, cosméticos y terapéuticos.

Las propiedades que estudiaremos serán la densidad, la viscosidad, la tensión superficial, la conductividad térmica, el calor específico y la difusividad térmica. Decir que en este campo tengo numerosas publicaciones, tesis doctorales, proyectos de investigación y contratos con empresas.

La docencia seguirá formando alumnos de doctorado tanto del programa de doctorado de Física Aplicada como en otros programas de diversas Universidades Nacionales e Internacionales. También seguiré organizando los cursos de Extensión Universitaria en colaboración con otras Universidades.

Por último también me centraré en la transferencia de conocimiento mediante la publicación de artículos de divulgación y la participación en congresos y ferias internacionales.

D. Manuel Martínez Piñeiro, Secretario do Departamento de Física Aplicada da Universidade de Vigo,

FAI CONSTAR que na sesión do Consello de Departamento celebrado o pasado día 3 de abril aprobouse por unanimidade a solicitude de *Prórroga de Nomeamento coma Profesor Emérito* presentada polo **Prof. José Luis Legido Soto**.

E para que así conste ós efectos oportunos, asino a presente certificación a *dez de abril de dous mil vintecinco*.

MARTINEZ
PIÑEIRO
MANUEL -
36118036D
Firmado digitalmente
por MARTINEZ PIÑEIRO
MANUEL - 36118036D
Fecha: 2025.04.10
14:40:21 +02'00'

Manuel Martínez Piñeiro

Universidade de Vigo



Miguel Cuevas intervéñen, non para falar destes casos, senón para dicir que é necesaria unha reformulación da figura do profesor Emérito, e da normativa relativa a esta figura.

Apróbanse por asentimento.

9. Aprobación, se procede, do Regulamento de contratación do persoal investigador, técnico e de xestión da investigación da Universidade de Vigo.

O reitor cede a palabra á vicerreitora de Investigación, Transferencia e Innovación, quen informa acerca do regulamento:

Historia

- Data de aprobación: xuño de 2022.
- Última data de modificación: xuño de 2023.
- Fixéronse preto de 1500 contratos, con máis de 500 indefinidos.
- Modificación con cambios en categorías/grupos profesionais, retribucións e complementos. Numerosas alegacións que pedían que se mantivera.
- Nova modificación, sen retribucións para negociar no convenio colectivo (poucas alegacións).

Universidade de Vigo



Algunhas das alegacións recibidas e

- Termo «persoal de investigación», cambiado por «persoal investigador, técnico e de xestión».
- CV normalizado (excepcionalmente poderá arbitrarse outro formato).
- Artigo 5: persoal técnico superior (licenciatura ou grao máis mestrado), medio (grao ou diplomatura).
- Baremos, listaxes de agarda, comisión de selección, non considerados.
- Consideración de PTXAS, non aceptada.
- Duración do contrato predoutoral e outras condicións dos predoutorais tales como estadias e produción científica (non afecta).

Algunhas das alegacións recibidas e

- Redución dos prazos, de acordo coa Lei de procedemento administrativo.
- Incrementar as retribucións mínimas.
- Redución do prazo para prórrogas.
- Periodicidade dos procesos.
- Incluíuse a referencia á Lei 6/2013, do 13 de xuño.
- Liñas de investigación, creación, modificación e supresión.
- Publicación en EURAXESS de todas as prazas (só persoal investigador R1-R4).

Novidades que melloran a anterior

- Posibilidade de incorporar probas selectivas, cando a oferta veña das vicerreitorías ou da Xerencia.
- Incorporación dos trienios (dous) e de subas salariais (3 %) nas retencións de crédito xenéricas (momento da oferta).
- Necesidade de RC complementario se a persoa seleccionada ten máis de dous trienios.
- Imposibilidade de modificación das condicións básicas da oferta (DA4).
- Axuste do procedemento para as Marie S. Curie predoutorais, onde a selección pode ser levada a cabo globalmente polo consorcio (DA5).
- Posibilidade de usar os complementos retributivos para predoutorais ou posdoutorais de programas (disposición transitoria).
- Aplicación da subida salarial aprobada polo Consello de Ministros (DA8).

Novidades que melloran a anterior

- Posibilidade de «devolverlle» ao proxecto a cantidade retida en concepto de indemnización de contratos indefinidos, unha vez que se coñeza a non finalización dese contrato (DA9).
- Se o total da indemnización non é elixible polo proxecto, necesidade de complementalo con fondos da AEI.
- Actualización de retribucións mínimas (DA 10).

-
- Aprobado por asentimento pola Comisión de Investigación o 20 de xuño de 2025.

A vicerreitora indica que dalgún xeito debería reflectirse o colectivo do PI, sempre é un número elevado de persoas e dependen da consecución de fondos obtidos en diferentes convocatorias, para que este colectivo estea representado.

Miguel Cuevas afirma que esta normativa non é a que querían sindicalmente. Pero puxo enriba da mesa un tema que é apremiante, e que ten relación co convenio colectivo. Son as persoas que son o elo máis débil, que non están nun convenio colectivo específico, que ás veces son os xuíces os que deciden onde deben estar, e débese velar polos dereitos destas persoas. Hai que avanzar na busca dunha situación conxunta na parte do PDI e na parte de investigador, cunhas retribucións xustas e dereitos de representación, de participación e demais.

O reitor di que non pode estar mais de acordo. Na negociación do III convenio colectivo as outras universidades galegas non querían entrar, e nós queremos incluír a este colectivo, e tamén nos Estatutos.

Jacobo Porteiro di que na UDC, que veñen de aprobar os Estatutos por ampla maioría, recollen este colectivo. Quere que, aproveitando que estamos cos Estatutos, recollamos este colectivo para que non estean nun limbo.

Anabel González Penín comenta que seguramente será o mellor documento, pero desde o seu punto de vista é moi mellorable, e quere que conste en acta.

O estudante Jaime González intervéñe para subscribir as palabras doutros intervinientes respecto á necesidade de regular adecuadamente as figuras do persoal que ata agora se veu considerando PDI-B, facendo fincapé no seu crucial rol no bo funcionamento da universidade e pedindo que non só se pense neles en métricas electorais.

Por outra banda, solicita ao equipo de goberno, tal e como xa fixo na Comisión de Investigación e Transferencia, que se considere a posibilidade de xerar unha exención de taxas de matrícula nos programas de doutoramento para aquelas persoas contratadas pola UVigo baixo a figura de persoal predoutoral en formación, posto que se entende que pagan por servizos xa cubertos pola súa vinculación laboral.

A vicerreitora di que está aberta a facer todas as modificacións que sexan necesarias, nada lle gustaría mais que facelo.

O reitor di que estamos moi satisfeitos co traballo do novo servizo, así como coa UCPI polo traballo que desenvolveu.

Apróbase por asentimento.

10. Aprobación, se procede, do Regulamento de recoñecemento e transferencia de créditos académicos nas titulacións oficiais de grao e de mestrado da Universidade de Vigo.

O reitor cede a palabra á vicerreitora de Estudantado e Empregabilidade, quen informa sobre este regulamento:

Exposición de motivos

- A actual normativa de transferencia e de recoñecemento de créditos da Universidade de Vigo, aprobada no CG do 22 de marzo de 2018, está baseada no RD **1393/2007**, do 29 de outubro, polo que se establece a ordenación das ensinanzas universitarias oficiais, e se determina que **as universidades elaborarán e farán pública a súa normativa sobre o sistema de recoñecemento e de transferencia de créditos.**
- O dito RD foi modificado polo RD **822/2021**, do 28 de setembro, polo que se establece a organización das ensinanzas universitarias e o procedemento de aseguramento da súa calidade e se determina que **as universidades aprobarán normativas específicas para regular os procedementos de recoñecemento e de transferencia de créditos conforme o disposto no real decreto.**

Índice

TÍTULO I: DISPOSICIÓNS XERAIS

- . Artigo 1. Obxecto
- . Artigo 2. Ámbito de aplicación
- . Artigo 3. Efectos económicos

TÍTULO II: RECOÑECIMENTO DE CRÉDITOS

- . Artigo 4. Definición
- . Artigo 5. Criterios xerais de recoñecemento
- . Artigo 6. Limitacións no recoñecemento de créditos
- . Artigo 7. Aplicación do recoñecemento de créditos no expediente académico
- . Artigo 8. Recoñecemento de créditos por estudos universitarios oficiais
- . Artigo 9. Recoñecemento de créditos pola participación en actividades universitarias

Índice

TÍTULO II: RECOÑECIMIENTO DE CRÉDITOS (continuación)

- . Artigo 10. Recoñecemento de créditos por outros estudos de educación superior oficiais
- . Artigo 11. Recoñecemento de créditos por estudos universitarios non oficiais
- . Artigo 12. Recoñecemento de créditos por experiencia profesional e laboral previa
- . Artigo 13. Recoñecemento de créditos cursados en estancias de mobilidade
- . Artigo 14. Recoñecemento de créditos por adaptación de estudos
- . Artigo 15. Recoñecemento de créditos en titulacións oficiais previas ao EEES

TÍTULO III: VALIDACIÓN DE ESTUDOS ESTRANXEIROS

- . Artigo 16. Recoñecemento de créditos por validación parcial de estudos cursados en titulacións estranxeiras

TÍTULO IV: TRANSFERENCIA DE CRÉDITOS

Índice

TÍTULO V: PROCEDEMENTO DE RECOÑECIMIENTO E DE TRANSFERENCIA DE CRÉDITOS

- . Artigo 19. Solicitud de recoñecemento e de transferencia de créditos
- . Artigo 20. Documentación para o recoñecemento e a transferencia de créditos
- . Artigo 21. Documentación para o recoñecemento e a validación parcial de estudos estranxeiros
- . Artigo 22. Tramitación, resolución e recursos no caso de recoñecemento de créditos
- . Artigo. 23. Procedemento de transferencia de créditos

Disposición adicional

Disposición transitoria 1

Disposición transitoria 2

Disposición derogatoria

Disposición final

Índice


. Redacción: Vicerreitoría de Titulacións e Innovación Docente, Vicerreitoría de Estudantado e Empregabilidade, Servizo de Xestión de Estudos Grao e Servizo de Xestión de Estudos de Posgrao

. Informe favorable: AX e ANL

. Exposición pública: 20 días

. Alegacións:
Persoas: 9 (8 PDI + 1 PTXAS)
Totais: 24
Reais: 14

Alegacións



■ Aceptadas ■ Rexeitadas

- Oito alegacións de redacción: aceptadas
- Dúas alegacións de procedemento: rexeitadas
- Unha alegación (5) sobre as táboas de recoñecemento: aceptada
- Unha alegación (5) sobre a experiencia profesional: aceptada
- Unha alegación (2) sobre os estudos iniciados: aceptada
- Unha alegación (2) sobre as materias de formación básica: rexeitada

Unha alegación (5) sobre as táboas de recoñecemento: aceptada

5.7 Os centros elaborarán táboas de recoñecemento entre as titulacións impartidas na Universidade de Vigo e as de orixe para as que se soliciten os recoñecementos. As devanditas táboas serán aprobadas pola xunta de centro. Ademais, actualizaranse anualmente e publicaranse na páxina web do centro.

Substituído por:

5.7 Os centros poderán elaborar, actualizar anualmente e publicar na páxina web do centro, táboas de recoñecemento entre as titulacións impartidas na Universidade de Vigo e aquelas de procedencia para as que se soliciten recoñecementos. Estas táboas recollerán os recoñecementos aprobados polas comisións competentes en materia de recoñecemento.

Unha alegación (5) sobre a experiencia profesional: aceptada

12.4 Recoñecerase un crédito ECTS por cada dous meses de experiencia profesional e laboral acreditada a tempo completo e aplicarase a regra da proporcionalidade se o traballo se realizase a tempo parcial.

Substituído por:

12.4 O recoñecemento de créditos ECTS pola experiencia profesional e laboral realizarase tendo en conta a duración e a dedicación da actividade, aplicando os criterios de conversión establecidos pola Axencia para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia.

Unha alegación (2) sobre os estudos iniciados: aceptada

Engadida:

Disposición transitoria 2

A presente normativa non será de aplicación ao estudantado que iniciase os seus estudos con anterioridade á súa entrada en vigor, salvo no caso de previsións que impliquen unha mellora das súas condicións académicas.

Unha alegación (2) sobre as materias de formación básica: rexeitada

8.2. Entre títulos de grao do mesmo ámbito de coñecemento, poderán ser obxecto de recoñecemento ata a totalidade dos créditos de formación básica atendendo á coherencia académica e formativa de acordo co sinalado no artigo 5.3.

5.3. Con carácter xeral, para o recoñecemento de créditos terase en consideración a adecuación nos resultados da aprendizaxe, atendendo á coherencia académica e formativa dos coñecementos, ás competencias e ás habilidades que definen as materias ou disciplinas que se vaian recoñecer na titulación de orixe coas existentes no plan de estudos da titulación de destino.

Ignacio Bajo Palacio, lee el real Decreto, no que se di “serán objeto de este procedimiento hasta la totalidad de los créditos de formación básica entre títulos del mismo ámbito de conocimiento”, en vez de “poderán ser obxecto”, que é o que se cambia, e non é un cambio baladí, é mais restritivo, porque engade “atendendo a coherencia académica...”, polo que cre que van en contra dos dereitos dos estudantes.

Na maior parte das normativas consultadas por Ignacio Bajo, se di especificamente que serán obxecto de recoñecemento automático, e non se debe deixar a cada centro o que poidan facer, senón que debe ser un recoñecemento automático.

Miguel Cuevas indica que, na súa interpretación, o que marca o RD é un límite no recoñecemento e, polo tanto, deixa a porta aberta a que non sexa obrigatorio recoñecer a totalidade dos créditos de formación básica. É relevante, di, a aparición da preposición "ata".

A vicerreitora di que non ten ningún inconveniente, vaise poñer o que di literalmente o Real Decreto, ao que o reitor súmase, e comenta que se pedirá unha consulta ao Ministerio e á Asesoría Xurídica para confirmar o sentido do contido no Real Decreto.

Apróbase por asentimento.

11. Aprobación, se procede, do procedemento de admisión de estudantes con estudos universitarios oficiais de grao iniciados na Universidade de Vigo ou noutra universidade española

O reitor da a palabra á vicerreitora de Estudantado e Empregabilidade, quen presenta o procedemento de admisión:

Antecedentes

O 23 de xuño de 2015 o Consello de Goberno aprobou o acordo sobre a **admisión de estudantes con estudos universitarios iniciados na Universidade de Vigo ou noutra universidade española** no artigo 29.1 do Real decreto 412/2014, do 6 de xuño, polo que se establece a normativa básica dos procedementos de admisión ás ensinanzas universitarias oficiais de grao.

O RD é substituído polo **RD 534/2024**, do 11 de xuño, polo que se regulan os requisitos de acceso ás ensinanzas universitarias oficiais de grao, as características básicas da proba de acceso e a normativa básica dos procedementos de admisión. Dispón, no seu artigo 7.c), **que poderá acceder directamente ás ensinanzas universitarias oficiais de grao nas universidades españolas quen cursara estudos universitarios parciais españois, sempre que a universidade na que queira continuar estudos lle recoñeza polo menos 30 créditos ECTS.**

Requisitos

- a) Ter recoñecidos un mínimo de 30 ECTS, de acordo co disposto no artigo 7. c) do Real decreto 534/2024, no artigo 10 do Real decreto 822/2021 e no Regulamento de recoñecemento de créditos da Universidade de Vigo.
- b) Cumprir o establecido na normativa de permanencia e progreso que lle sexa aplicable.
- c) Non obter o título nos estudos de procedencia con anterioridade ao curso académico para o que se solicita a admisión.

Requisitos

O estudiantado que non cumpra os requisitos sinalados no apartado anterior poderá solicitar unha praza na titulación correspondente, polo procedemento xeral de admisión establecido no Real decreto 534/2024 (preinscrición).

Queda exceptuado o estudiantado da Universidade de Vigo que, mediante o procedemento establecido, **adapte os seus estudos de grao dun plan extinguido ou en proceso de extinción a un plan novo**, ou adapte os seus estudos de licenciatura, diplomatura, enxeñaría ou enxeñaría técnica a un plan de estudos de grao en vigor.

Número de prazas

A admisión de estudantes estará en función da capacidade do centro e dos seus recursos dispoñibles. Para estes efectos, as xuntas de centro, no seu caso, proporánlle á vicerreitoría competente en titulacións o número máximo de prazas que se poderán cubrir en cada curso académico en cada titulación.

O número de prazas será, polo menos, o 2 % do total das prazas ofertadas en cada titulación para estudantado de novo ingreso. Se da aplicación da devandita porcentaxe non resultase un número enteiro, redondearase ao número enteiro superior máis próximo.

En casos excepcionais e de forma motivada, o número de prazas ofertadas poderá incrementarse a criterio do órgano de dirección do centro ou da xunta de centro correspondentes.

Prazos

O prazo de solicitude será o establecido na convocatoria de admisión, matrícula e avaliación nas ensinanzas de grao correspondente a cada curso académico.

En casos excepcionais e debidamente motivadas, poderanse admitir solicitudes fóra de prazo, ata rematar o prazo de matrícula de continuación.

Criterios de admisión

Os criterios de admisión serán establecidos polos centros mediante un acordo motivado da xunta de centro e publicaranse no taboleiro de anuncios da Universidade de Vigo e na páxina web.

Entre os criterios de admisión terase en conta a nota media do expediente de orixe.

Deportistas de alto nivel e de alto rendemento

Para os e as deportistas de alto nivel e de alto rendemento que se vexan na obriga de cambiar de residencia por motivos deportivos, e sen prexuízo do cumprimento dos requisitos xerais de admisión, os centros deberán atender as solicitudes de admisión para que poidan continuar a súa formación no seu novo lugar de residencia, de acordo co disposto no artigo 44.4 do Real decreto 534/2024 e no artigo 9.10 do Real decreto 971/2007.

Título de grao de ensinanzas artísticas

O estudiantado que estea a cursar estudos nun título de grao de ensinanzas artísticas superiores poderá solicitar a admisión por este procedemento, segundo o establecido na disposición adicional sétima do Real decreto 534/2024.

Titulacións de grao impartidas en máis dun centro da UVigo

O estudiantado de titulacións de grao impartidas en máis dun centro na Universidade de Vigo, que desexe cambiar de centro para continuar a mesma titulación, rexerase polo regulamento polo que se establece o réxime de cambio de centro en titulacións de grao co mesmo plan de estudos na Universidade de Vigo. Non poderá ser admitido por recoñecemento de créditos nin polo procedemento xeral de admisión (preinscrición).

Traslado de expediente

A adxudicación dunha praza na Universidade de Vigo procedente doutra universidade, dará lugar ao traslado do expediente académico correspondente, que deberá ser tramitado pola universidade de procedencia, segundo o artigo 44.3 do Real decreto 534/2024.

Así mesmo, a adxudicación dunha praza procedente doutra titulación na Universidade de Vigo, dará lugar ao traslado de expediente que se xestionará de xeito interno entre o centro de orixe e o centro de destino.

Prezos públicos

Os prezos públicos dos créditos recoñecidos e do traslado de expediente rexeranse polo establecido no decreto polo que se fixan os prezos públicos pola prestación de servizos académicos e administrativos nas universidades públicas do SUG e na resolución reitoral pola que se aproban as normas económicas derivadas da xestión académica de titulacións oficiais correspondentes a cada curso académico.

Os traslados entre centros e titulacións da Universidade de Vigo non implican o pagamento de prezos públicos.

Resolución

Segundo o disposto no artigo 44.1 do Real decreto 534/2024, as solicitudes serán resoltas polo reitor/a, que delegará nos decanos/as e directores/as do centro de estudos.

Universidade de Vigo



Apróbase por asentimento.

12. Aprobación, se procede, da concesión da medalla de ouro da Universidade de Vigo á Editorial Galaxia

O reitor explica a proposta de concederlle a medalla de ouro da Universidade de Vigo á Editorial Galaxia, aludindo aos innumerables méritos da Editorial que a fan merecedora da mesma. O regulamento vixente contempla que a concesión da medalla de ouro será aprobada no Consello de Goberno co voto favorable da maioría absoluta dos membros do Consello de Goberno, e a iniciativa da proposta será do reitor ou dunha quinta parte do Consello de Goberno. O reitor engade que estamos no 75 aniversario da creación da editorial Galaxia, pero cando estábamos na Longa Noite de Pedra, no ano 1950, unha serie de persoas que marcaron un antes e un despois na cultura e na lingua galega, fixeron o esforzo de poñer enriba da mesa unha editorial que nuns tempos moi difíciles, penados incluso co cárcere, non era doado traballar a prol do galego. O reitor pide o voto de todos os membros para que conste que todos estamos de acordo en concederlle a medalla de Ouro á Editorial Galaxia.

Foi aprobado por unanimidade.

Apróbase por asentimento.

13. Aprobación, se procede, da proposta do departamento de Física Aplicada da concesión do grao de “Doutor Honoris Causa” á profesora Begoña Vila Costas.

O reitor informa do cumprimento dos requisitos para poder aceptar a proposta do Departamento de Física Aplicada de concesión do grao de “Doutor Honoris causa” á profesora Begoña Vila Costas:

CONCESION DOUTOR HONORIS CAUSA A BEGOÑA VILA COSTAS

O Departamento de Física Aplicada presentou a proposta de concesión do título de Doutora Honoris Causa pola Universidade de Vigo a dona Begoña Vila Costas, xunto coa seguinte documentación:

- Curriculum Vitae e laudatio da Dra. Begoña Vila Costas.
- Acordo do Consello de Departamento de Física Aplicada (T08).
- Aval de 8 Departamentos do ámbito tecnolóxico e resumo dos ditos avais.
- Aval da Escola de Enxeñería Aeronáutica e do Espazo.

Universidade de Vigo



O reitor di que ese día servirá tamén para poñer en valor a Escola de Enxeñaría Aeronáutica e do Espazo.

Apróbase por asentimento.

14. Debate sobre novas titulacións.

O reitor comenta que isto faise a petición dun profesor.

Intervén a continuación Jacobo Porteiro para falar sobre Medicina (enviou a súa intervención):

“Como xa comentaba nunha intervención anterior, a propia convocatoria deste Consello de Goberno fala claramente da posición do actual equipo de goberno.

Despois de semanas nas que o tema de Medicina está en todos os foros, ocupa portadas, plenos municipais, manifestacións de todos os ámbitos políticos e todo tipo de debates, imos tratalo por primeira vez no punto 14 dun CdG ordinario baixo o título:

14. Debate sobre novas titulacións.

E isto resume ben a postura que aparentemente defendemos como institución. Medicina, para a UVigo, semella ser simplemente unha "nova titulación", algo que me produce auténtico estupor. Medicina non é só "outra titulación". Medicina é unha titulación diferencial. Recoñezámolo claramente: Medicina é "a titulación". Medicina trae prestixio, alumnado, recursos e fortalece a relación coa nosa sociedade e coas áreas sanitarias. Medicina permitiríanos potenciar áreas de investigación nas que xa somos punteiros e dinamizar outras moitas que se verían favorecidas. Medicina significaría un salto para a UVigo como institución.

Para contextualizar, vou dar algunhas cifras:

Se organizamos estas áreas sanitarias arredor dos campus universitarios temos que:

- USC (Santiago + Lugo): 800.000 habitantes.
- UDC (A Coruña + Ferrol): 750.000 habitantes.
- UVigo (Vigo + Ourense + Pontevedra): 1.200.000 habitantes.

Máis cifras relevantes:

- Vigo é a cidade número 14 en poboación no Estado español.
- A Coruña é a número 18.
- Santiago ocupa a posición 66.

Con todo, Santiago ten a facultade de Medicina con máis estudantes de novo ingreso de toda España.

Con razón, a súa área sanitaria ten dificultades para garantir unhas prácticas axeitadas.

Entonces, cando a UDC, saltando os acordos existentes, manifesta unilateralmente o seu interese en ter unha facultade propia de Medicina, onde se posiciona a UVigo? A xulgar polas intervencións públicas do Reitor, posicionámonos a favor do convenio de 2015.

É unha mágoa que non se achegase a este CdG este convenio. O convenio, ao analizado, deixa ben claro por que a UDC decidiu dar o seguinte paso... e leva máis ben a preguntarse por que a UVigo segue defendéndoo.

Pode que en 2015 representase algún avance, pero hoxe resulta extremadamente restritivo e semella protexer só os intereses da USC, limitando moito a nosa participación e garantindo un control absoluto pola súa parte.

1.- Unha única facultade de Medicina e un único grao de Medicina no SUG.

Tendo en conta a alta demanda social de estudantes e titulados, así como as convocatorias de prazas MIR e a necesaria racionalización de recursos para a prestación dos servizos públicos, en xeral, e dos de educación superior, en concreto, considérase que a Facultade de Medicina da USC debe seguir a ser a única que exista en Galicia e a que imparta o único grao en Medicina do SUG.

2.- Responsabilidade académica do Grao exclusiva da USC.

Consonte co punto anterior, a responsabilidade académica do Grao en Medicina corresponde exclusivamente á USC, sendo os órganos de goberno e os departamentos da Facultade de Medicina da USC os encargados da planificación e organización docente da titulación.

3.- Colaboración da UDC e a UdV na docencia clínica do grao en Medicina da USC

A partir do curso 2015-2016 o profesorado existente na UDC e da UdV que imparte docencia en titulacións propias desas universidades de áreas de coñecemento relacionadas coa medicina, poderá colaborar na docencia clínica do grao de Medicina da USC de acordo coas condicións establecidas nun convenio específico, a asinar polas 3 universidades, a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e a Consellería de Sanidade, como organismo do que depende o SERGAS e os Hospitais Clínicos Universitarios, no que se definirá o alcance desta colaboración en base aos seguintes criterios:

A Facultade de Medicina disporá deses docentes, determinando, para cada curso académico, as áreas, materias e créditos nos que impartirán docencia. Agás acordo expreso, para cada área de coñecemento, o número de PDI das outras universidades adscrito a esta modalidade, non poderá superar un máximo que se fixará o redor do 15% das necesidades de PDI que teña a USC na área afectada.

En particular, no marco anterior, tenderase a que nas asignaturas de práctica clínica e rotatorio do último curso do grao en medicina, que deban impartirse nos hospitais universitarios das Universidades da Coruña e Vigo, impartan docencia, respectivamente, PACS da UdC e da UdV que figuren adscritos ao Instituto de Investigación Biomédica da Coruña (INIBIC) ou ao Instituto de Investigación Biomédica de Vigo (INIBIV), segundo proceda.

b) Autonomía da USC na súa política de prazas

A colaboración na docencia clínica contemplada no punto anterior considerase complementaria da vía habitual de atención docente que a USC dispón no exercicio da súa autonomía.

A USC conserva a súa autonomía para definir as súas necesidades de profesorado no grao de Medicina, sen que a colaboración docente da UdC e da UdV poida afectar a política de prazas que a USC desexa aplicar no exercicio da súa xa referida autonomía, mais alá das que se deriven do respecto ao propio convenio.

c) Contratación pola USC de profesionais sanitarios nos hospitais universitarios das universidades de A Coruña, Santiago de Compostela e Vigo.

En particular, consonte co punto anterior, ademais da colaboración que se pon en marcha e dentro da lóxica da optimización dos recursos do SUG, a USC, en base ás necesidades de profesorado nos hospitais universitarios das Universidades de A Coruña, Santiago de Compostela e Vigo para o desenvolvemento da docencia clínica do grao en Medicina, poderá contar, como persoal propio, con profesionais sanitarios de ditos hospitais na condición de contratados como profesores asociados de ciencias da saúde (PACS).

Está claro que, debido a nosa postura ambigua e conciliadora, pediron que sexamos árbitros deste partido. Pero preguntome por que renunciámos a xogar nós tamén. Por que non saímos o día seguinte á petición da UDC a recordar que Vigo ten, polo menos, o mesmo dereito e interese que A Coruña a solicitar unha facultade de Medicina?

Na prensa afirmase que desde hai meses se veñen mantendo reunións sobre este tema.

- Pode aclarar se informou deste asunto nalgún CdG?
- Quen participou nesas reunións?
- Que postura defendeu a UVigo?
- Pode explicar que artigos do convenio se están a cumprir que favorezan á UVigo?
- Que lle fai defender con tanta intensidade ese convenio de 2015?

Unha pregunta máis básica aínda:

- Cal é a postura real da UVigo?
- Cre que a Universidade de Vigo debería contar cunha facultade de Medicina propia, compartida cos complexos hospitalarios universitarios de Ourense e Pontevedra?

Se a súa resposta é afirmativa, proponho que se leva a Cluastro a petición de creación dunha facultade de Medicina, dando así respaldo institucional ao Reitor e deixando claro que UVIGO ten o mesmo dereito que UDC na súa reclamación.

Falemos claramente de se Vigo debe solicitar unha facultade de Medicina, tal como fixo a UDC, ou cales deben ser as nosas aspiracións reais ao respecto, deixando de lado debates xenéricos sobre "novas titulacións" como se UVigo estivese a negociar un par de títulos a cambio de que a UDC obteña a segunda facultade de Medicina de Galicia. Non cometamos un erro que sería histórico”.

O reitor di que vai comezar por unha serie de reflexións:

- Bases para un acordo no Sistema Universitario de Galicia (público).
- Os acordos están para cumprirse, ata que son superados por novos acordos.
- Hai equilibrios que foron aprobados hai tempo, titulacións que son exclusivas dunha universidade. E todo está acordado.
- No caso de medicina, a UVigo foi a primeira en solicitala. 34 anos despois non houbo ningún achegamento.
- Romper a baralla abre a porta a ceder titulacións que temos en exclusividade e que forman parte da nosa identidade.
- É obvio que as negociacións nestes 35 anos leváronse a cabo contando coa lexitimidade dos reitores para facelo Nunca se aprobou unha proposta de mapa de titulacións en órganos de goberno non implicados en negociacións.
- Hai varios acordos asinados. Un do 2015 sobre a descentralización da docencia de medicina, nunca posto en solfa por ningunha das universidades implicadas.
- Hai outro sobre a utilización dos campus de especialización para a seguinte implantación de titulacións. Lembremos: Campus Auga, Campus CREA e Vigo Tecnolóxico.
- O reitor propón o seguinte:
 1. A universidade de Vigo, con lealdade institucional, cumpre os acordos acadados e asinados, ata que sexan superados por outros que se celebren entre as partes.
 2. Quen negocia ante a posible apertura do mapa de titulacións é o reitor ou reitora.
 3. As futuras negociacións irán no senso de pensar primeiro no beneficio da cidadanía galega e do estudantado das titulacións que estean sobre a mesa.
 4. Tentaremos mellorar a oferta de titulacións da Universidade de Vigo contando coa especialización dos campus.

Intervén Coral del Río para dicir que non sae do seu asombro, cre que non é pertinente. A nivel persoal o discurso do reitor parécelle decepcionante, non é que lle sorprenda, porque Medicina non é unha titulación máis. Temos unha universidade privada que está chamando á porta, non temos que renunciar a nada, é a responsabilidade da UDC. Agora o que temos que decidir é que vai facer a UVigo. Preocúpalles que o reitor estea de mediador porque non poderá defender a UVigo.

O estudante Jaime González intervén para destacar que a lealdade aos acordos que destacaron o reitor e máis outros intervincentes morreu cando naceu a universidade privada en Galiza. Afirmar que, tras ver a orixe da conversa, ten a sensación de que esta pelexa só se dá porque se está a tratar de medicina, unha carreira considerada de prestixio, e que polo tanto parece que o debate está máis centrado en cuestións de prestixios e orgullos que no interese do estudantado.

Pide que, para debater calquera nova titulación, se deixen de lado os intereses institucionais para poñer, por enriba de todo, os intereses do estudantado á hora de poder acceder ás titulacións que teñan unha alta demanda de acceso ou unha alta empregabilidade.

Destaca tamén que o acordo mencionado, asinado en 2015, atópase desactualizado ao terse redactado nun contexto social e económico bastante diferente ao que nos atopamos a día de hoxe.

Miguel Cuevas concorda co alumno e con Jacobo, que é o que están a demandar. O de que a USC non ten acubillo para todo . Os acordos teñen 10 anos, pero deberíamos ir moito mais alá, deberían moverse e cambiarse. A UVigo ten que estar aí, pódese romper un acordo, non significa romper a baralla. Temos que ter en conta se ter medicina en UVigo é unha mellora aos estudos de medicina dos estudantes galegos e portugueses. A parte social nunca vai apoiar que Medicina a teña unha Universidade privada, a teríamos que ter na UVigo en igualdade de condicións.

Consuelo Pérez Vázquez di que lle sorprende que haxa unha votación, pregunta se non imos ter ningunha titulación relacionada co ámbito da saúde. Non entende as limitacións que se poidan considerar históricas para a UVigo. En Castela-León agora van a abrir unha nova facultade en León e Burgos.

Carmen Ruiz non sabe se se ten que pedir ou non esta titulación. Fala do custo da facultade de Medicina, seguramente para construír edificios, traer profesores, e demais. Hai moito problema cos médicos para que poidan ser titulares e catedráticos. O diñeiro público é de todos. Quizais haxa que facer o recoñecemento a unidades docentes, como dicía a Jacobo Porteiro. Burgos e León están quedando sen poboación, será unha decisión política, pode ser.

José Fariña engade a esta reflexión o tema da financiación. Que un estudante marche a Madrid para estudar algo que non ten aquí é malo, pero que marche tendo as titulacións aquí non é o mellor. Fariña cre que debemos manter as titulacións que temos cun nivel aceptable, e lle gustaría que se fale tamén do presuposto para poñer en marcha as novas titulacións.

O estudante Jaime González aclara que a súa intervención previa non era para defender que a UVigo debería pelexar por ter a facultade de medicina, senón para defender que calquera debate desta índole se afronte pensando no interese do estudantado por enriba de prestixios institucionais, e que ningún acordo antigo impida abrir debates sobre a mellora da calidade na educación.

Jacobo Porteiro di que a UDC terá o diñeiro suficiente para impartir esa titulación de medicina, e o pacto xa se rompeu cando foi o da titulación de robótica.

Mercedes Soto contextualiza o tema en Ciencias da Saúde, non pode haber grupos moi grandes. Fisioterapia é a envexa polas prácticas que levan a cabo, require moitos gastos para manter unha titulación de medicina.

O reitor non defende intereses localistas. Lembra o asunto de intelixencia artificial, ao final está en Ourense, mentres dicían que estaría na UDC ou na USC. Non é ningún mediador, fai de Presidente do grupo de traballo; van a traballar no grupo de traballo as 9 persoas que o forman, que estea moito mellor que o acordo do 2015. É unha persoa tranquila e negociadora, pero nalgún momento terá que facer un posicionamento firme cando teña que facelo. Hai que estudar os temas, mesturase o tema das prazas con titulacións. Vai falar do tema público, que é o que ten que facer, pero engade que non se pode permitir que haxa un título de medicina nunha universidade privada. O que podemos facer é que temos unha universidade pública, o acordo do 2015 non lle gustaba nada, pero non dixo nada ao reitor de aquel tempo da UVigo. Van a facer falta entre 300 e 400 médicos nos hospitais de Galicia, que é o número de prazas que teñen na USC. A xente debería poder estudar o que quere, pero estamos a falar dunha profesión regulada. Non lle gusta o de parecer localista. O reitor solicita que lle deamos confianza para poder negociar, e se nalgún momento se fala de poñer unha facultade de medicina en Vigo, pediranse os recursos materiais e de efectivos humanos. Non é mediador, leva as propostas que considera convenientes en todo momento. Para rematar, este debate escurece outros debates.

15. Elección dun representante no Comité de Dirección da EIDO: 1 estudante do ámbito Tecnolóxico

Diego Cajaraville Aboy presentou a candidatura. Non é necesario votar.

16. Quenda de intervencións.

Miguel Cuevas pregunta, aproveitando a presenza da xerente, cando se van pagar as asistencias aos tribunais de prazas que quedaron sen pagar en outubro. Sinala, tamén, que a segunda versión de SIGMA, aínda que está en galego, segue tendo notables erros, como documentos que aparecen escritos nalgúns partes en castelán e outras en galego. Alédase de que SIGMA comece a estar en galego pero considera que é necesaria unha revisión profunda. Indica, por outra banda, que no caso de normativas ou instrucións, as veces vaise moi rápido, acompasados coa saída de normativa superior, e outras, moi despacio; prega que a actualización normativa da UVigo se acompañe o máis rapidamente posible coas normativas de rango superior. En canto aos títulos propios, solicita que se procure o seu anuncio nos xornais como títulos propios; fala dunha noticia aparecida hai pouco na que non se indica que se trata dun título propio e, aínda que a reitoría non ten competencia sobre o que fai o xornal, pide que fagan sempre fincapé nesta cuestión. Con respecto ás cuestións relativas a prazas, indica que unha persoa candidata tivo un problema por realizar a súa exposición en galego; prega que se busque unha solución para que non volva a suceder. Por último, solicita que conste a transcripción literal na normativa de recoñecementos do artigo do RD ao que se fixo referencia no punto correspondente.

A xerente di que se pagarán as asistencias.

Bajo Palacio di que os puntos da orde do día veñan coa documentación requirida. Se vai ser un punto do vindeiro Claustro, que se meta a información que sexa necesaria.

O reitor di que pensou que todos viran esa carta que chegou a comunidade. Pide desculpas pola falta de información previa do punto 14.

Rosa Pérez pregunta polos días non lectivos. O regulamento de avaliación e as guías docentes: nos mestrados, ela da clases en varios, comprende o tema de que teña que figurar o regulamento de avaliación para tres semanas nas que imparte docencia no mestrado, o regulamento está pensado para o GRAO, non para mestrado.

Natalia Caparrini intervéen para dicir que se fará unha revisión da normativa, que é de Claustro.

Rosa Pérez está na comisión académica de ensino. Teñen un problema de financiación; agora non tiveron presuposto porque houbo anos que non tiñan mestrado, e non o usaron, e o vicerreitor de titulacións dixo que lle deron cartos nas anteriores ocasións. Pide poder facer a páxina web para o mestrado que van a poñer en marcha. O reitor di que vai buscar un arranxo para ese tema de facer unha páxina web.

Arno Formella quere expresar un malestar con respecto á publicidade, xa que en Ourense teñen moitos novos títulos, pero viron nos canais da UVigo que non están nos folletos que se entregaron aos estudantes na MEGAU. Eles fan o que poden no seu centro, deberíamos mellorar desde arriba para facer a publicidade dos títulos que teñen a disposición os novos estudantes, incluídos os PARS. O reitor responde que van a comprobar que os folletos non estaban actualizados, e que imos tomar medidas para poñer todo ben o antes posible. Arno di que o prazo remata mañá, e que non vai servir de moito.



O reitor agradece a presenza dos membros do Consello de Goberno.

Ao non haber máis asuntos que tratar, remata a sesión ás 14:27 h. do día 25 de xuño de 2025, da que eu como secretaria xeral dou fe, co visto e praxe do reitor.

O reitor

A secretaria xeral